

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 15 de novembro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
M^a José Caride Estévez.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día quince de novembro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA en segunda convocatoria de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1307).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 31 de outubro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1308).- DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN, INADMISIÓN DE ALEGACIÓNS E PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA O EXERCIZO 2019. EXPTE. 2489/500 .

Visto o informe previo de legalidade do Tribunal Económico-Administrativo de data 6/11/18, dáse conta do informe-proposta do 12/11/18, asinado pola directora de Ingresos, a xefa da Inspección de Tributos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. D. Antonio González-Cuellar Serrano con DNI 50808561C, actuando en nome e representación da Sociedade Mercantil "Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo SA" con CIF A-70276795 presenta, en período de exposición pública do acordo plenario provisional de modificación de Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables para o exercicio 2019 (expte. 2489-500), con data 26 de outubro de 2018 e con nº de

documento 180172656 reclamación fundamentada nas seguintes alegacións ou argumentacións:

1º. Que no expediente de modificación non se alude ao Convenio Marco, asinado o 7 de marzo de 2006 pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do Hospital de Vigo e a dotación das súas infraestruturas.

Un documento da natureza do mencionado non pode determinar por sí mesmo a vontade política dunha Corporación, que é un órgano colexiado, para a aprobación dunha norma fiscal cuxa tramitación está pormenorizadamente regulada no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. É dicir, a forza vinculante é a propia das normas xurídicas, formalmente aprobadas como tales, e non de manifestacións de intencións plasmadas nun acordo marco que, por definición e incluso por Lei, non ten os caracteres de imperatividade e coercibilidade dunha norma xurídica.

Certo é que tal acordo-marco, en tanto que Protocolo Xeral, expresaba unha vontade política, pero para significar realmente unha obriga, debería terse desenvolvido en documentos susceptibles de xerar dita obriga.

Neste senso, o Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no seu artigo 2.d) define os Protocolos de Colaboración como instrumentos que conteñen **acordos de vontades de carácter programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional**, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente; o mesmo precepto no seu apartado a) define os Convenios Marco como instrumentos que conteñen acordos susceptibles de xerar obrigas xurídicas entre as partes que os subscriben e que de forma expresa esixen, para a súa efectividade, o seu desenvolvemento mediante a formalización de convenios específicos nos que se concretarán ditas obrigas.

No acordo da Xunta de Goberno Local de 15-02-2013 faise constar que o citado Convenio Marco carecía de informe da Área de Tributos. Pois ben, sendo certo que a Área de Tributos-Dirección de Ingresos non se pronunciou naquel Acordo Marco porque non foi consultada, cómpre facer constar que de ter sido realizada a consulta, o informe diría entónces e diría hoxe: **que non se poden fixar normas tributarias municipais sexan de gravame ou de exención fóra do procedemento sinalado no TRLRFL (artigos 15 a 19) xunto co Título X da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local**, procedemento que segue a modificación fiscal obxecto da presente reclamación.

Dito noutros termos, aínda que o Pleno da Corporación se pronunciara respecto dunha bonificación ou exención nun convenio, **a cláusula referida a esa cuestión tributaria resultaría nula por omisión do procedemento legalmente establecido**, ao incumprírense os trámites típicos e taxados de aprobación de normas fiscais:

- Aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local.
- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello.
- Ditame da Comisión Informativa de Facenda
- Aprobación provisional polo Pleno do Concello.
- Exposición pública durante 30 días, para "reclamacións".
- Aprobación definitiva polo Pleno do Concello.

Calquera cláusula cuxo contido tivese que reflexarse nunha ordenanza fiscal, en canto incluída nun convenio non tería nin ten máis entidade que unha **mera declaración de intencións**. Ata o punto de que a mesma corporación que aprobara un convenio marco coa cláusula tributaria do aprobado con data 07-03-2006 podería ter determinado, no expediente de aprobación dunha ordenanza fiscal, un contido diferente do previsto naquel convenio, prevalecendo unicamente este último por ser o único acordo tomado co procedemento establecido no TRLRFL.

Sirva a argumentación anterior para explicar por qué nos expedientes de modificación de ordenanzas fiscais non se menciona ningún convenio nin no ano 2006 nin no ano 2018.

Pero, en calquera caso, debe tamén terse en conta que o citado Convenio Marco foi deixado sen eficacia algunha mediante Resolución conxunta, de 16 de abril de 2013, da Conselleira de Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde e o Conselleiro de Medio Ambiente do Territorio e Infraestruturas da Administración Autonómica na que se sinala expresamente que ambas Consellerías **“optan polo exercicio da súa facultade de declarar resolto o convenio asinado o 7 de marzo de 2006 pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do Hospital de Vigo e a dotación das súas infraestruturas”**.

Polo tanto, o que se pretende pola representación da entidade mercantil “Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo SA” é a ultraactividade dun acordo de vontades, é dicir a eficacia máis alá da súa vixencia, que foi deixado sen efectos, precisamente, por unha das partes, curiosamente a máis interesada en que se realizase a oportuna modificación normativa nas Ordenanzas Fiscais municipais para clarificar o suposto de feito da norma de exención que, como consecuencia xurídica, tería o efecto de eximir do pagamento do imposto non xa a un ente público senón a una entidade mercantil privada que é titular dun ben inmovible e que, por aplicación dos artigos 63 e 61 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, resulta suxeito pasivo do Imposto sobre Bens Inmóbles.

A introdución da exención aprobada en 2006 así como a modificación da mesma realizada no presente expediente nada teñen que ver, en términos estritamente xurídicos, con calquera tipo de Convenio ou Acordo entre partes, porque as obrigas fiscais teñen que regularse en normas fiscais cun procedemento taxado legalmente e non por un convenio ou acordo entre partes, sen prexuízo de que naqueles acordos ou convenios figuraran declaracións de vontade política e/ou institucional. Ata tal punto resultan independentes, que unha vontade política de contido fiscal expresada nun Convenio Marco obrigaría politicamente á Corporación que asinara o convenio pero esa mesma Corporación podería tomar, no procedemento e contexto dunha ordenanza fiscal, un acordo diferente ou contrario ao Convenio asinado. Sería reprobable politicamente pero, en términos estritamente xurídicos, só sería válido e produtor de efectos o contido fiscal aprobado no expediente de modificación da ordenanza fiscal, con suxeición a tramitación dos artigos 15 a 19 do TRLRFL e Título X da lei 7/85 LRBRL.

Este razoamento é compatible coa consideración da exención como potestativa para a Corporación respectiva porque nada obriga a introducir unha medida exoneratoria de gravame se cambia a vontade dos órganos representativos ou as condicións nas que se acordou un marco de colaboración, máxime cando o TRLFL utiliza termos tan claros como “titularidade pública” e “directamente afectados” para referirse ao ámbito material da exención que pode, ou non, ser regulada por norma aprobada polo Pleno da Corporación.

2º. Que falta unha xustificación da repercusión orzamentaria da modificación.

Sendo a exención que se regula de carácter rogado, a minoración orzamentaria no exercicio 2019 dependerá de que o SERGAS a solicite e de que se cumpran os condicionantes establecidos isto é, se confirme que ten a condición legal de obrigado ao pagamento do imposto e que desenvolva atención primaria de saúde a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública en cada un dos bens inmobles obxecto da eventual exención. Trátase dunha exención mixta que require a concorrencia de ambos elementos para resultar procedente.

Así, tomando como referencia os datos obrantes no derradeiro padrón de IBI aprobado no exercicio 2017, estímase unha minoración aproximada de 80.000€ para o orzamento de 2019 respecto do orzamento de 2018. Faise a minoración sobre datos que o SERGAS coñece sen que resulte de interese a publicación das características, titularidades e contías das cotas tributarias de cada un dos centros de saúde que eventualmente serían obxecto da futura exención. E isto porque, sendo o SERGAS o único interesado respecto da exención que se regula e tratándose de “datos protexidos” os que permiten calcular o importe da cota tributaria, estimouse prudente non publicar a relación dos centros de saúde no expediente que se sometería a información pública de todos os contribuíntes.

O importe da minoración orzamentaria podería variar en función de circunstancias que dependen exclusivamente da xestión patrimonial do SERGAS. Nalgún caso podería acollerse á exención variando determinadas circunstancias relativas ao dereito en virtude do cal ten adscritos determinados centros de saúde.

En todo caso, cos datos que figuran na Base de Datos Catastral a contía máxima da exención rondaría $\pm 80.000\text{€}$. Para este importe estimouse suficiente o contido do informe para cumprimento do artigo 129.7 da Lei PACAP.

Cousa ben distinta é o asunto que subxace na reclamación da Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo: O orzamento do Concello de 2019 non resultará minorado nin aumentado respecto de 2018 por causa da tributación no IBI da Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo. No exercicio 2019 igual que no 2018 figurarán “dereitos recoñecidos” por importe aproximado de 950.000€/ano dado que a Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo consta como suxeito pasivo do imposto. A modificación obxecto deste expediente non altera esta cantidade para o exercicio 2019 respecto dos “dereitos recoñecidos” no Padrón fiscal de 2018, polo que non haberá impacto orzamentario nin favorable nin desfavorable. Mesmo un pronunciamento desfavorable nos Tribunais aínda non sería firme e, no peor dos casos, se o fose, tampouco implicaría alteración nas previsións orzamentarias do exercicio 2109 realizadas con extrema prudencia a partir das estimacións de liquidación do exercicio 2018.

3º Que se incumpre o artigo 133 da LPACAP.

A concesionaria alega unha suposta vulneración do artigo 133 da LPACAP por canto indica que “no ha sido realizado el trámite de audiencia previa”. E continua indicando que “La dicción literal del precepto legal no da pie a ninguna interpretación posible que haga en este caso excluir el referido trámite de información pública”.

Tendo en conta que transcribe literalmente no seu escrito o artigo 133.4 da LPACAP entendemos que se refire á **consulta previa** (non á audiencia previa nin a información pública).

Como a reclamante fai explícito, un informe da Dirección Xeral de Tributos de 2 de xaneiro de 2018 cursado a todos os Concellos, a través de diferentes canles, avala a tese, razoable por outra parte, de que para unha modificación de ordenanza fiscal é de aplicación o parágrafo segundo do apartado 4 do artigo 133 da LPACAP.

“Cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, **poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro...**”

A máis do anterior, remitímonos ao informe do TEACV de data 20 de xuño de 2017 que chega a unha conclusión aínda máis radical: **no caso de ordenanzas fiscais non é de aplicación o trámite de consulta previa por teren as ordenanzas fiscais unha regulamentación específica consistente nos artigos 15 a 19 do TRLRFL e Título X da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local**, en cuxa tramitación se inclúe exposición pública durante 30 días para reclamacións.

En calquera caso, os suxeitos pasivos posibles afectados pola modificación da exención potestativa do artigo 62.3 do TRLRFL son dous e ámbolos dous teñen exercido o seu dereito á discrepancia mediante escritos de reclamación presentados. Cabe deixar constancia que podería ser contrario ao interese xeral complicar e encarecer a tramitación dun expediente e, en todo caso, seguro que resulta contrario ao principio de eficiencia económica engadir un trámite máis de non ser estritamente necesario dende un punto de vista legal.

4º Que o acordo adoptado supón unha extralimitación do mandato legal do artigo 62.3 do TRLRFL.

Manifesta a recorrente que se teñen excedido os límites legais do artigo 62.3 do TRLRFL. Nada máis lonxe da realidade, pois o artigo 62.3 ten **carácter habilitador** para conceder unha exención e **carácter de límite máximo**, é dicir, a Lei, nos beneficios fiscais potestativos, limita os máximos que lle permite aos concellos para a concesión de exencións pero non os mínimos. Posto que o mínimo está en que o Concello non conceda a exención, existindo o dereito a non aprobar a exención, existe o dereito a aprobar aquela só para centros sanitarios de carácter público que cumpran determinadas condicións. En ningún caso o lexislador establece “ou todo ou nada”.

De feito, no acordo plenario do ano 2006, aplaudido pola recorrente, non se aprobou unha exención para todos os centros sanitarios. Só para os creados con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007. “Mutatis mutandi”, no acordo plenario de 5 de setembro de 2018 establécese unha exención para centros sanitarios denominados/conceptuados “Centros de Saúde” nos que se desenvolva “atención primaria de saúde” a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública. Se no acordo plenario de 2006 o Concello establecía un límite temporal, agora o límite está posto noutra circunstancia, cal é a actividade sanitaria específica desenvolvida no Centro e a condición laboral de quen a realiza. Tanto o “límite temporal” como o “límite actividade e condición laboral” son aspectos substantivos que o lexislador non concreta senón que difire ou encomenda á Ordenanza fiscal. Igualmente resulta unha formalidade diferida o carácter rogado ou non da exención.

Compre, ademais lembrar que o feito imponible do imposto son determinados dereitos sobre un ben inmovible porque así o establece o art.61 do TRLRFL.

O novo texto referido á exención potestativa que o Concello pleno ten aprobado en sesión de 5 de setembro de 2018 inclúe aos Centros de Saúde nos que o SERGAS teña a condición legal de obrigado ao pago do Imposto, bens inmovibles nos que o SERGAS desenvolva atención primaria de saúde a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública.

No inmovible sito en Clara Campoamor nº 341, referencia catastral 54017A142004750002XA, o suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto , por lei, é a Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo, S.A., segundo o contrato de concesión de obra pública asinado o 21/02/2011. Conforme a este contrato, a Sociedade Concesionaria percibe do orzamento da Comunidade Autónoma unha cantidade máxima anual que o contrato asinado fixaba en 56.333.270,24€ (sen IVE) durante un período de 20 anos, segundo consta na Cláusula 2.5 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Así, a dispoñibilidade da entidade privada contratista con carácter orixinario e primario do ben inmovible, consecuencia da fórmula contractual concertada, fai que o SERGAS ostente unha dispoñibilidade secundaria e derivada , aos efectos de que poida realizar a prestación sanitaria da que é titular e responsable.

Tal e como advirte expresamente o artigo 227 da Lei 30/2007 de contratos do sector público (lei aplicable ao contrato do que resultou adxudicatario a actora- cláusula 1.1 do PCAP) un contrato de concesión de obra pública no que se confire ao licitante a facultade de explotar a obra tras construíla, non dará lugar a unha verdadeira posta a disposición da Administración do inmovible obxecto do contrato, ata o momento no que expire a concesión (acta de recepción formal). Será nese momento cando a Administración adquira a plena posesión do inmovible. Ao remate das obras, se levanta a acta de comprobación (artigo 227.1- LCSP), que xenera o efecto de permitir que se inicie a explotación da obra ao concesionario polo concesionario, para acadar a rentabilidade da inversión acometida na execución e posterior mantemento da infraestruturas.

Cando o SERGAS é titular -sobre o inmovible-edificio onde desenvolve a actividade sanitaria- dun dereito de concesión, usufruto, superficie ou pleno dominio, a prestación sanitaria que desenvolve é ben diferente da desenvolvida cando a actividade sanitaria pública se ubica en edificios de titularidade privada. Resulta obvio que un Centro Sanitario Público non é só un inmovible ou edificio senón un lugar e unha organización na que efectivos humanos desenvolven os cometidos asignados pola Administración Sanitaria. É coñecido que hai condicionamentos diferentes na prestación dos servizos sanitarios que se realizan en inmovibles nos que o titular catastral é un concesionario privado, condicionamentos tanto para os profesionais da sanidade pública como para os usuarios. De aí que o Concello pode ter unha posición lexítimamente diferente á hora de outorgar exencións a uns inmovibles e a outros non.

Este é o punto onde o Pleno Municipal pode expresar un posicionamento a favor ou en contra dun determinado modelo de xestión sanitaria exercendo o seu lexítimo dereito de autonomía municipal recoñecido nos artigos 137 e 140 da CE. Este é o punto onde o Pleno

do Concello de Vigo en sesión de 5 de setembro de 2018 aproba unha exención potestativa a inmobles onde se radican determinados Centros Sanitarios pero non a outros.

Diante da oposición da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo SA que considera ilegal este tratamento diferente para uns centros sanitarios respecto doutros, cómpre dicir que nisto xa se ten pronunciado, no sentido de que resulta legal, o Tribunal Supremo en sentenza de data 29 de maio de 2008 da que extractaremos parágrafos de aplicación ao caso.

Resulta legal que, dentro dos límites máximos da exención que establece o artigo 62.3 do TRLRFL, o Concello decida **qué condicionamentos substantivos e formais lle engade ao contido máximo do citado artigo**: “bens de que sexan titulares os Centros Sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros” para decláralos exentos en virtude da potestade que lle outorga o lexislador.

É certo que o Concello Pleno podería ter eximido do pagamento do IBI a todos os Centros Sanitarios nos que, dunha forma ou doutra, para a atención sanitaria primaria ou especializada, a Administración Pública Sanitaria competente, estivese presente. Sen embargo, o Concello Pleno non aprobou esa exención total e xenérica nin no ano 2006 nin no presente expediente. Tanto no ano 2006 como no presente o obxectivo de “suficiencia financeira do Concello” operaba e opera en sentido contrario pois **outorgar exencións implica** minorar o orzamento, **un gasto fiscal que, en definitiva, pagarían todos os veciños.**

No ano 2006 non se aprobou exención para todos os bens inmobles-centros sanitarios da titularidade do SERGAS. O Concello pronunciábase aprobando una exención que afectaba á súa “suficiencia financeira” só a futuro porque só exoneraba de tributación aos novos centros sanitarios que se crearan a partir do **1 de xaneiro de 2007, sempre que fosen da titularidade do SERGAS**, (sempre que o SERGAS, resultare suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto).

Diante dun modelo de xestión no que o inmovible-edificio onde se desenvolve a actividade sanitaria é da titularidade dunha entidade mercantil privada, o Concello, lexítimamente, pode exercer a súa potestade exoneradora do IBI en sentido restritivo (non aprobando a exención) por entender que a titularidade da edificación condiciona o desenvolvemento da actividade sanitaria tanto para profesionais como para usuarios.

O Concello pode e debe exercer as facultades que o lexislador estatal lle confire nos seguintes termos: “A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais desta exención estableceranse na ordenanza fiscal”. Así se pronuncia o Tribunal Supremo en sentenza do 29 de maio de 2008 en recurso de casación 6500/2002 respecto dunha bonificación potestativa na que os “restantes aspectos substantivos” limitaban a bonificación a determinados bens e suxeitos:

“Un concello pode ou non establecer esta bonificación (exención no noso caso) que é de carácter potestativo, deixando un amplo marxe aos concellos para formular as condicións substantivas e formais da bonificación (exención no noso caso)”

“A Lei de Facendas Locais ten permitido nesta materia un amplo marxe de manobra aos concellos á hora de regular todos os aspectos formais e materiais da bonificación (exención no noso caso). É a Lei de Facendas Locais a que, expresamente, delega na

Ordenanza fiscal os aspectos formais e substantivos da bonificación (exención no noso caso)”

II) D. Antonio Fernández-Campa García-Bernardo asinando como xerente do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) presenta dous escritos con idéntico contido, un deles dentro do prazo regulamentario de 30 días actuando en representación de GALARIA empresa Pública de Servicios S.A. Non xustifica a condición pola que GALARIA S.A. actuaría na representación do SERGAS. En consecuencia non se cumpre o requisito subxectivo, e dicir, a condición de “interesado” a que se refiren os artigos 17 e 18 do TRLRFL.

O segundo escrito que tamén asina como xerente do SERGAS, ten entrada no rexistro xeral con data 2 de novembro fora de prazo. Ademais desta causa de inadmisión por extemporaneidade, non se xustifica o apoderamento de quen asina para a interposición de recursos ou reclamacións no nome do SERGAS, que por exclusión debe entenderse competencia do seu presidente, o Conselleiro de Sanidade, que ostenta a representación legal de dito organismo.

Segundo o anterior ningún dos dous escritos poder ser “admitido” como reclamación ao acordo plenario de aprobación provisional da modificación de Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis para o exercicio 2019 (expte. 2489-500). Non obstante para maior claridade e mostra da solvencia do expediente/procedemento que nos ocupa procedemos a responder ás cuestións plantexadas nos escritos asinados por D. Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, en nome de GALARIA e do SERGAS (documentos Nº180173928 e Nº 180175799).

1º. Que se produce incumprimento municipal do compromiso adquirido en virtude do Convenio Marco, asinado o 7 de marzo de 2006 pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do Hospital de Vigo e a dotación das súas infraestruturas.

Un convenio da natureza do mencionado non pode determinar por sí mesmo a vontade política dunha corporación para a aprobación dunha norma fiscal cuxa tramitación está pormenorizadamente regulada no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Certo é que tal acordo-marco, en tanto que Protocolo Xeral, expresaba unha vontade política, pero para significar realmente unha obriga, debería terse desenvolvido en documentos susceptibles de xerar dita obriga.

Neste senso, o Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no seu artigo 2.d) define os Protocolos de Colaboración como instrumentos que conteñen **acordos de vontades de carácter programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional**, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente; o mesmo precepto no seu apartado a) define os Convenios Marco como instrumentos que conteñen acordos susceptibles de xerar obrigas xurídicas entre as partes que os subscriben e que de forma expresa esixen, para a súa efectividade, o seu desenvolvemento mediante a formalización de convenios específicos nos que se concretarán ditas obrigas.

No acordo da Xunta de Goberno Local de 15-02-2013 faise constar que o **citado Convenio Marco carecía de informe da Área de Tributos**. Pois ben, sendo certo que a Área de Tributos-Dirección de Ingresos non se pronunciou naquel Acordo Marco porque non foi consultada, cómpre facer constar que de ter sido realizada a consulta, o informe diría entón e diría hoxe: **que non se poden fixar normas tributarias municipais sexan de gravame ou de exención fóra do procedemento sinalado no TRLRFL (artigos 15 a 19) xunto co Título X da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local**, procedemento que segue a modificación fiscal obxecto da presente reclamación.

Dito noutros termos, aínda que o Pleno da Corporación se pronunciara respecto dunha bonificación ou exención nun convenio, **a cláusula referida a esa cuestión tributaria resultaría nula por omisión do procedemento legalmente establecido**, ao incumprírense os trámites típicos e taxados de aprobación de normas fiscais:

- Aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local.
- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello.
- Ditame da Comisión Informativa de Facenda
- Aprobación provisional polo Pleno do Concello.
- Exposición pública durante 30 días, para “reclamacións”.
- Aprobación definitiva polo Pleno do Concello.

Calquera cláusula cuxo contido tivese que reflexarse nunha ordenanza fiscal, en canto incluída nun convenio non tería nin ten máis entidade que unha **mera declaración de intencións**. Ata o punto de que a mesma corporación que aprobara un convenio marco coa cláusula tributaria do aprobado con data 07-03-2006 podería ter determinado, no expediente de aprobación dunha ordenanza fiscal, un contido diferente do previsto naquel convenio, prevalecendo unicamente este último por ser o único acordo tomado co procedemento establecido no TRLRFL.

Sirva a argumentación anterior para explicar por qué nos expedientes de modificación de ordenanzas fiscais non se menciona ningún convenio nin no ano 2006 nin no ano 2018.

En calquera caso, mediante resolución conxunta ditada pola Conselleira de Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde e o Conselleiro de Medio Ambiente do Territorio e Infraestruturas da Administración Autonómica o 16-04-2013 **“optan polo exercicio da súa facultade de declarar resolto o convenio asinado o 7 de marzo de 2006 pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do Hospital de Vigo e a dotación das súas infraestruturas”**.

A introdución da exención aprobada en 2006 así como a modificación da mesma realizada no presente expediente nada teñen que ver, en términos estritamente xurídicos, con calquera tipo de Convenio ou Acordo entre partes, porque as obrigas fiscais teñen que regularse en normas fiscais cun procedemento taxado legalmente e non por un convenio ou acordo entre partes, sen prexuízo de que naqueles acordos ou convenios figuraran declaracións de vontade política e/ou institucional. Ata tal punto resultan independentes, que unha vontade política de contido fiscal expresada nun Convenio Marco obrigaría politicamente á Corporación que asinara o convenio pero esa mesma Corporación podería tomar, no procedemento e contexto dunha ordenanza fiscal, un acordo diferente ou contrario ao Convenio asinado. Sería reprobable politicamente pero, en términos estritamente xurídicos, só sería válido e produtor de efectos o contido fiscal aprobado no expediente de modificación da ordenanza fiscal, con suxeición a tramitación dos artigos 15 a 19 do TRLRFL e Título X da lei 7/85 LRBRL.

2º. Considera nula a modificación da ordenanza por insuficiencia do informe de repercusión orzamentaria.

Sendo a exención que se regula de carácter rogado, a minoración orzamentaria no exercicio 2019 dependerá de que o SERGAS a solicite e de que se cumpran os condicionantes establecidos isto é, se confirme que ten a condición legal de obrigado ao pagamento do imposto e que desenvolva atención primaria de saúde a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública en cada un dos bens inmobles obxecto da eventual exención. Trátase dunha exención mixta (subxectiva e obxectiva) que require a concorrencia de ambos elementos para resultar procedente.

Así, tomando como referencia os datos obrantes no derradeiro padrón de IBI aprobado no exercicio 2017, estímase unha minoración aproximada de 80.000€ para o orzamento de 2019 respecto do orzamento de 2018. Faise a minoración sobre datos que o SERGAS coñece sen que resulte de interese a publicación das características, titularidades e contías das cotas tributarias de cada un dos centros de saúde que eventualmente serían obxecto da futura exención. E isto porque, sendo o SERGAS o único interesado respecto da exención que se regula e tratándose de “datos protexidos” os que permiten calcular o importe da cota tributaria, estimouse prudente non publicar a relación dos centros de saúde no expediente que se sometería a exposición pública de todos os contribuíntes.

O importe da minoración orzamentaria podería variar en función de circunstancias que dependen exclusivamente da xestión patrimonial do SERGAS. Nalgún caso podería acollerse á exención variando determinadas circunstancias relativas ao dereito en virtude do cal ten adscritos determinados centros de saúde.

En todo caso, cos datos que figuran na Base de Datos Catastral a contía máxima da exención rondaría $\pm 80.000\text{€}$. Para este importe estimouse suficiente o contido do informe para cumprimento do artigo 129.7 da Lei PACAP.

Con motivo do escrito que estamos tratando, procede facer constar ademais que, para a elaboración do informe do impacto orzamentario estableceuse a presunción favorable para o SERGAS e desfavorable para orzamento municipal de que se estimarían as solicitudes de exención de todos os centros de saúde nos que o SERGAS figura como suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto (requisito imprescindible para poder gozar de exención no imposto). Segundo os padróns remitidos pola Xerencia Territorial do Catastro ao Concello ano tras ano, hai seis centros de saúde nos que o SERGAS ten a condición de suxeito pasivo. Os importes devengados no último padrón aprobado no momento da redacción do presente expediente (2017) ascendían a un total de 78.993,74€, de aí que a minoración orzamentaria para 2019 se estimara en 80.000€ .

Nos restantes centros de saúde, por motivos alleos á relación xurídico-tributaria, -motivos de contido patrimonial/catastral-, o SERGAS non figura como suxeito pasivo polo que resulta inviable a súa declaración de exento tanto no texto da ordenanza fiscal como nos actos administrativos concretos de liquidación. Como manifesta no seu escrito, hai outros seis centros de saúde nos que a condición de suxeito pasivo do imposto recae, sen translación posible no ámbito tributario, na Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS). Hai, tamén, un centro de saúde no que é suxeito pasivo a Xunta de Galicia e por último, un no que o suxeito pasivo é o propio Concello de Vigo.

Así pois, nin a ordenanza fiscal podería eximir do imposto a persoas diferentes de quen ostenta a condición de suxeito pasivo da obriga principal de pago, nin o informe orzamentario é incorrecto senón prudente ata o punto de estimar a minoración orzamentaria na contía máxima da exención, segundo os datos actuais obrantes no padrón de IBI. Compre lembrar que esta exención ten carácter mixto (subxectivo e obxectivo) e que o Concello determina, en base á potestade que lle outorga o artigo 62.3 do TRLRFL, que o requisito subxectivo consistirá en que o suxeito pasivo sexa o SERGAS. Polo contrario, debe deducirse que se o suxeito pasivo non é o SERGAS, non se poderá estimar o beneficio fiscal.

No texto da exención aprobado polo Concello Pleno no exercicio 2006, o requisito subxectivo era o mesmo: "titularidade do SERGAS". Dada a controversia suscitada polo concepto dual da titularidade catastral (dominio e concesión), no acordo plenario de 5 de setembro de 2018 afinase máis e o texto modificado da ordenanza determina que o SERGAS, para poder gozar da exención, deberá figurar como suxeito pasivo do imposto.

O orzamento do Concello de 2019 non resultará minorado nin aumentado respecto ao de 2018 por causa da tributación no IBI da Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo. No exercicio 2019 igual que no 2018 figurarán "dereitos recoñecidos" por importe aproximado de 950.000€/ano dado que a Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo consta como suxeito pasivo do imposto. A modificación obxecto deste expediente non altera esta cantidade para o exercicio 2019 respecto dos "dereitos recoñecidos" no Padrón fiscal de 2018, polo que non haberá impacto orzamentario nin favorable nin desfavorable. Mesmo un pronunciamento desfavorable nos Tribunais aínda non sería firme e, no peor dos casos, se o fose, tampouco implicaría alteración nas previsións orzamentarias do exercicio 2109 realizadas con extrema prudencia a partir das estimacións de liquidación do exercicio 2018.

3º Que se incumpre o artigo 133 da LPACAP.

Alega unha suposta vulneración do artigo 133 da LPACAP por canto indica que "no ha sido realizado el trámite de consulta pública".

Segundo o informe da Dirección Xeral de Tributos de 2 de xaneiro de 2018 cursado a todos os Concellos, a través de diferentes canles, non resulta necesaria a consulta previa no caso dunha modificación de ordenanza fiscal resultando de aplicación o parágrafo segundo do apartado 4 do artigo 133 da LPACAP.

"Cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, **poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro...**".

A máis do anterior, remitímonos ao informe do TEACV de data 20 de xuño de 2017 que chega a unha conclusión aínda máis radical: **no caso de ordenanzas fiscais non é de aplicación o trámite de consulta previa por teren as ordenanzas fiscais unha regulamentación específica consistente nos artigos 15 a 19 do TRLRFL e Título X da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local**, en cuxa tramitación se inclúe exposición pública durante 30 días para reclamacións.

En calquera caso, os suxeitos pasivos posibles afectados pola modificación da exención potestativa do artigo 62.3 do TRLRFL son dous e ámbolos dous teñen exercido o seu dereito á discrepancia mediante escritos de reclamación. Cabe deixar constancia que podería ser contrario ao interese xeral complicar e encarecer a tramitación dun expediente e, en todo caso, seguro que resulta contrario ao principio de eficiencia económica engadir un trámite máis de non ser estritamente necesario dende un punto de vista legal.

III) D. Xabier Pérez Iglesias como responsable de Acción Social do BNG en Vigo presenta escrito con data 28 de outubro de 2018 e Addenda rectificativa con data 29 de outubro de 2018 nos que plantexa modificar o acordo plenario de aprobación provisional da ordenanza fiscal do IBI co establecemento dun recargo do 50% na cota de IBI para vivendas desocupadas durante máis de 24 meses, a inclusión de determinados edificios da Igrexa Católica como suxeitos e non exentos e o establecemento dunha bonificación do 95% para a Universidade de Vigo e entidades sen ánimo de lucro inscritas no rexistro municipal de asociacións

No relativo aos bens de titularidade da Igrexa Católica, o concello aplica as normas con rango de lei que lles afectan. Non cabe regular nunha disposición con rango de ordenanza fiscal ningunha formula de suxeición que vulneraría o principio de reserva de lei en materia tributaria.

En relación á aplicación concreta do recargo para vivendas desocupadas debe estarse a un futuro regulamento que determine cando e en que situacións pode considerarse “vivenda desocupada”. A previsión deste recargo xa figura no artigo 8 apartado 6 da ordenanza fiscal do IBI vixente.

Respecto das restantes suxestións, constitúen medidas de oportunidade que exceden o contido do presente informe.

Segundo o anterior o escrito non pode ter a consideración de “reclamación” nos termos dos artigos 17 e 18 do TRLRFL, polo que debe declararse a súa “inadmisión”.

IV) D. Fernando Moreiras Corral, como presidente da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello presenta con data 17 de outubro de 2018 escrito en relación ao acordo provisional de modificación da ordenanza fiscal do IBI de data 5 de setembro de 2018 solicitando a incorporación de bonificación do 50% para negocios de artesanía que se desenvolvan no Casco Vello de Vigo así como a aplicación dun recargo do 50% nos inmobles de uso residencial sitos no Casco Vello e que estean valeiros.

En relación á aplicación concreta do recargo para vivendas desocupadas debe estarse a un futuro regulamento que determine cando e en que situacións pode considerarse “vivenda desocupada”. A previsión deste recargo xa figura no artigo 8 apartado 6 da ordenanza fiscal do IBI vixente.

Respecto da bonificación solicitada, constitúe unha medida de oportunidade que excede o contido do presente informe.

Segundo o anterior o escrito non pode ter a consideración de “reclamación” nos termos dos artigos 17 e 18 do TRLRFL, polo que debe declararse a súa “inadmisión”.

Á vista do exposto anteriormente sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Desestimar a reclamación presentada pola Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo S.A. en documento 180172656 e Inadmitir como reclamacións, os escritos presentados por "GALARIA empresa pública de servicios sanitarios S.A." en documento 180173928, Servizo Galego de Saúde (SERGAS) en documento 180175799, Bloque Nacionalista Galego (BNG) en documentos 180173021 e 180173859 e Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello en documento 180167187 polos argumentos expostos no precedente informe así como os que constan en informe previo de legalidade do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 6.11.18 e, en consecuencia, formular proposta ao Excmo. Concello Pleno de Aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza Fiscal do IBI para 2019 nos mesmos termos que o acordo de aprobación provisional de data 5 de setembro de 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1309).- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN (BONO-TAXI 2018). EXPTE. 155447/301.

Dáse conta do informe-proposta do 05/11/18, asinado pola traballadora Social, a xefa de Benestar Social, o asesor Xurídico adxunto de Benestar Social, o xefe de Área, e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 22.03.2018 (BOP nº 71, do 12.04.2018; BOP nº 84, do 02.05.2018 e BOP nº 94, do 16.05.2018), aprobáronse as Bases e a convocatoria de subvencións, en réxime de avaliación individualizada, destinadas a proporcionar, mediante a utilización do bono-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado ás persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade (Exp. nº 151167/301).

I.2. Durante o prazo establecido para o efecto presentáronse un total de 143 solicitudes que foron tramitadas polo órgano instructor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas (84 + 36 que pasaron a integrar a lista de agarda) e as denegadas (23), indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 03.07.2018).

I.3. Así, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 10.08.2018, acordou:

- «Conceder as subvencións do bono-taxi ás 84 persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuario de bono-taxi. Achéganse no Anexo I

que comenza por "54508532G" cunha renda per cápita mensual de 0,00€ e finaliza por "35955404X" cunha renda per cápita mensual de 761,83€, por cumprir os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria e existir orzamento para a concesión».

- «Aprobar a lista de agarda que se achega no Anexo II que se inicia por "36028070L" cunha renda per cápita mensual de 773,54€ e finaliza por "76807251Q" cunha renda per cápita mensual de 1.340,45€».
- «Desestimar as solicitudes que se achegan no listado do Anexo III que se inicia por "53178146F" e finaliza por "76915796R" reseñándose en cada un deles o motivo da súa desestimación».

I.4. Nese Anexo III ("Denegadas") figuraba, co número 16, a solicitude presentada por D. Javier Lorenzo Alonso, por incumprir o requisito da Base 6ª, Apdo. d): "Non constar como titular de vehículo automóbil propio".

I.5. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local, notificado o 29.08.2018, o interesado presentou o 30.08.2018 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 180142871) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN alegando que non conduce xa que ten unha minusvalía dun 95% e unha discapacidade de Grao 3, solicitando a revisión do acordado.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

- L.10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- TRLRFL (RDlex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- Orde do «Ministerio de Economía y Hacienda» EHA/875/2007, do 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no RD.887/2006.
- «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2018».
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e pro actione que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (reclamación, revisión...), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, o recurso potestativo de reposición presentado por D. Javier Lorenzo Alonso diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 10.08.2018.

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccetes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se modifique a resolución impugnada.

III.4. Segundo o disposto no Art. 124.2 LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso do Sr. Lorenzo Alonso, que propoñemos DESESTIMAR expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente particular (Exp. nº 155447/301 / 02-1140), resulta plenamente acreditado que é titular de vehículo propio (Ford F. matrícula ****DZY), incumprindo polo tanto o requisito obxectivo recollido naquela Base 6ª, Apdo. d): “Non constar como titular de vehículo automóbil propio”.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-120 e 123-124 da LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro), propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado por D. Javier Lorenzo Alonso (DNI/NIE/Pasaporte nº *****624-S) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 10.08.2018, non recoñecéndolle o dereito a figurar no Anexo I, de subvencións concedidas, nin a percibir unha axuda en concepto de bono-taxi por incumprir o disposto na Base 6ª, Apdo. d).

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125 da LPACAP, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1310).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE “XIMNASIA PRA PERSOAS MAIORES”. EXPTE. 17091/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación. que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 30 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores”, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o mesmo día no que se acordou a apertura da licitación, o 30 de agosto de 2018, rematando o prazo de presentación de ofertas o 14 de setembro de 2018 ás 23:59 horas.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 18 de setembro de 2018:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 30-08-2018, para a contratación por procedemento aberto de “a prestación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” EXPTE. 17091-333” que rematou o día 14 de setembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

Pola plataforma de contratación en sobre electrónico:

1. A BILLARDA, S L
2. SERVIPLUSTOTAL, S L
3. MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA S L

Así mesmo a empresa **Serviplus total SL** enviou fax comunicando envío da oferta en papel que chegou o 17/9/18 e se rexistrou no documento 180150083 e tamen presentou pola web del Concello de Vigo o 14/9/18 os seguintes documentos 180149750 e 180149776 .

Tamen **Pablo Casal Nuñez** enviou fax huella electrónica da oferta o día 14/9/18 , y entregou pola web os documentos 180149787 e 180149784 para dita oferta, e o 17/9/18 presenta un sobre co documento 180150302”.

Segundo.- Segundo consta na acta da sesión da Mesa de Contratación do 18 de setembro de 2018, a secretaria comunicou aos membros asistentes que se recibiu no Servizo de Contratación correo electrónico remitido por PABLO CASAL NÚÑEZ achegando non só a pegada dixital esixida na cláusula 14 do PCAP senón tamén o contido dos tres sobres.

Na mesma sesión se comprobou que tanto SERVIPLUSTOTAL, S.L. como PABLO CASAL NÚÑEZ presentaron a través do Rexistro Xeral o contido sen encriptar das súas ofertas.

Tamén se comprobou que a documentación achegada no correo electrónico enviado por PABLO CASAL NÚÑEZ se corresponde coa súa oferta sen encriptar.

Tras a cualificación da documentación presentada, a Mesa acordou, por unanimidade:

- a) “Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. A BILLARDA, S.L.
 2. MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.

- b) Non admitir neste procedemento a PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado as súas ofertas sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

O artigo 139.2 da LCSP establece que “as proposicións serán segredas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións, sen prexuízo do disposto nos artigos 143, 175 e 179 en canto á información que debe facilitarse aos participantes nunha poxa electrónica, nun diálogo competitivo, ou nun procedemento de asociación para a innovación”. A disposición adicional 15ª da LCSP tamén establece o deber de garantir que o contido das ofertas non sexa coñecido ata despois de finalizado o prazo para a súa presentación e ata o momento fixado para a súa apertura. Isto non foi posible porque ambos licitadores achegaron a través do Rexistro Xeral as súas ofertas sen encriptar.

Por outra banda, se ben o PCAP prevé na cláusula 13.5 do PCAP que “a presentación das proposicións deste procedemento realizarase a través da plataforma electrónica de contratación do Concello de Vigo” na ligazón indicada e “de conformidade co previsto no artigo 136.4 da LCSP e as disposicións adicionais 16a e 17a”, tamén contempla na cláusula 14 outro suposto de presentación de ofertas cando concorran razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, que impidisen a entrega da proposición mediante a canle electrónica.

A presentación das proposicións a través de calquera dos dous medios previstos no PCAP garante o segredo das proposicións esixido legalmente, non así a presentación de documentos non encriptados. Precisamente a citada cláusula 14 advirte “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”.

Na mesma sesión procedeuse á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos e acordouse solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2018 aceptou, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 19 de setembro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”. Acto seguido procedeuse á súa publicación no perfil de contratante, e posteriormente á apertura, en

sesión pública, do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula” dos licitadores admitidos, como foi anunciado no perfil de contratante. A Mesa solicitou informe sobre a documentación económica ao servizo xestor.

Cuarto.- O 26 de setembro de 2018 D. PABLO CASAL NÚÑEZ formulou escrito de alegacións no que solicita “a fin de evitar posteriores impugnacións ante a xurisdición competente que no ocasionarían máis que perturbacións a la correcta prestación del servicio, se atiendan las presentes alegaciones al acuerdo de no admisión de la oferta de la empresa a la que represento y se abra un nuevo y correcto plazo de presentación de solicitudes a fin de que pueda efectuar la correcta presentación de mi oferta con tiempo suficiente para ello”.

Quinto.- Con data do 3 de outubro de 2018 notificouse o acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 18 de setembro a D. PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L. As notificacións foron recibidas nas datas 3 e 4 de outubro de 2018, respectivamente.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018 aceptou por unanimidade o informe de valoración do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula” da mesma data e formulou proposta de clasificación ao órgano de contratación a favor de A BILLARDA, S.L.

Sétimo.- Con data do 16 de outubro de 2018 D. PABLO CASAL NÚÑEZ interpón recurso de alzada contra o acordo da Mesa de Contratación do 18 de setembro de 2018.

Oitavo.- O 18 de outubro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou desestimar as alegacións presentadas por D. PABLO CASAL NÚÑEZ o 26 de setembro de 2018. Este acordo foi notificado ao interesado o mesmo día.

Noveno.- Para os efectos de dar cumprimento á esixencia do artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con data do 22 de outubro de 2018 deuse audiencia a os outros licitadores presentados e admitidos neste procedemento. Durante o prazo concedido non se presentaron alegacións.

Décimo.- O 29 de outubro de 2018 D. PABLO CASAL NÚÑEZ presenta alegacións como complemento ao recurso de alzada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de alzada

É obxecto desta impugnación o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 18 de setembro de 2018. Solicita o recorrente o desistimento deste procedemento e a súa nova incoación outorgando un novo prazo de presentación de ofertas.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa.

En primeiro lugar, cómpre analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de alzada as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa (artigo 121.1 LPAC):

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos da Mesa de Contratación non poñen fin á vía administrativa, por ter superior xerárquico (a Xunta de Goberno local), procede a interposición dun recurso de alzada (artigo 121 LPAC).

D. PABLO CASAL NÚÑEZ recorre a nulidade de pleno dereito do acordo da Mesa de Contratación do 18 de setembro baseándose na circunstancia prevista no apartado 47.1.5e) da LPAC, así como a nulidade de pleno dereito do mecanismo establecido nos pregos para a presentación de sobres en base á circunstancia prevista no artigo 47.1c) da LPAC.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a D. PABLO CASAL NÚÑEZ por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de licitador.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interporse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 121.2 LPAC).

Esixe o artigo 115.1 da LPAC que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias:

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 122.1 LPAC). Dado que o acordo recorrido se notificou ao interesado o 3 de outubro, a interposición do recurso de alzada o 16 de outubro realizouse en prazo, así como as alegacións complementarias a este recurso presentadas o 29 de outubro.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o seu fondo.

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

En base ao anterior, deuse audiencia aos outros licitadores presentados e admitidos neste procedemento, mediante escrito enviado o 22 de outubro de 2018, para que puidesen alegar o que estime pertinente.

Durante o prazo concedido, non se presentaron alegacións.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de alzada o superior xerárquico do órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de tres meses (artigo 122.2 LPAC).

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recorrente basea o seu recurso en:

1. A nulidade de pleno dereito do acordo da Mesa de Contratación de data 18 de setembro de 2018 polo que non se lle admite neste procedemento por entender que se prescindiu total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados. Reprodúcese a continuación o acordo da Mesa:
 - a) “Non admitir neste procedemento a PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado as súas ofertas sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

O artigo 139.2 da LCSP establece que “as proposicións serán segredas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións, sen prexuízo do disposto nos artigos 143, 175 e 179 en canto á información que debe facilitarse aos participantes nunha poxa electrónica, nun diálogo competitivo, ou nun procedemento de asociación para a innovación”. A disposición adicional 15ª da LCSP tamén establece o deber de garantir que o contido das ofertas non sexa coñecido ata despois de finalizado o prazo para a súa presentación e ata o momento fixado para a súa apertura. Isto non foi posible porque ambos licitadores achegaron a través do Rexistro Xeral as súas ofertas sen encriptar.

Por outra banda, se ben o PCAP prevé na cláusula 13.5 do PCAP que “a presentación das proposicións deste procedemento realizarase a través da plataforma electrónica de contratación do Concello de Vigo” na ligazón indicada

e “de conformidade co previsto no artigo 136.4 da LCSP e as disposicións adicionais 16a e 17a”, tamén contempla na cláusula 14 outro suposto de presentación de ofertas cando concorran razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, que impidisen a entrega da proposición mediante a canle electrónica.

A presentación das proposicións a través de calquera dos dous medios previstos no PCAP garante o segredo das proposicións esixido legalmente, non así a presentación de documentos non encriptados. Precisamente a citada cláusula 14 advirte “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”.

2. A nulidade de pleno dereito do mecanismo establecido nos pregos para a presentación de sobres. Alega o recorrente que “en caso de funcionamento defectuoso da plataforma de presentación de ofertas devén nulo de pleno dereito cando a data de finalización de dito prazo resulta ser a véspera dun día inhábil, ao encadrarse no suposto do artigo 47.1c) da LPACAP (os que teñan un contido imposible) toda vez que impón a súa presentación física nun Rexistro que permanece pechado todo es tempo”.

Ao longo do escrito de interposición, insiste o recorrente nos motivos expostos nas alegacións formuladas o 26 de setembro de 2018:

3. A errónea determinación do prazo de presentación de ofertas
 4. A vulneración do principio de confianza lexítima
1. **A nulidade de pleno dereito do acordo da Mesa de Contratación de data 18 de setembro de 2018 polo que non se lle admite neste procedemento, por entender que se prescindiu total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.**

Alega o recorrente que os motivos que levaron á Mesa de Contratación a non admitilo no procedemento parecen “dotar á Mesa dun coñecemento xurídico que, evidentemente, non pode posuír. E é que os órganos colexiados, evidentemente, non fan razoamentos xurídicos, senón que manifestan a súa vontade sobre as propostas, técnicas ou xurídicas, que efectúan persoas con capacidade e titulación adecuada para iso. Así as cousas, o razoamento xurídico no que se basea a non admisión debe proceder de proposta fehacientemente asinada con anterioridade á celebración da sesión por técnico competente. Non existindo referencia ningunha no extracto remitido nin ao propoñente nin á data da proposta, non podemos senón colixir que dito texto é posterior non só á data da sesión da Mesa de Contratación, senón á das miñas alegacións, e que, lonxe de reproducir o acordado (que evidentemente foi a admisión e non admisión pura e dura) incorpora como unha etérea decisión da Mesa de Contratación un razoamento ex post para os efectos de sortear o alegado”.

O artigo 326 da LCSP configura a Mesa de Contratación como un órgano de asistencia técnica especializada. Correspóndelle asistir ao órgano de contratación agás cando a competencia para contratar corresponda a unha Xunta de Contratación e exercerá as funcións relacionadas no citado artigo:

- a) “A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141, e, no seu caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten dito cumprimento, previo trámite de emenda.
- b) A valoración das proposicións dos licitadores.
- c) No seu caso, a proposta sobre a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, previa tramitación do procedemento ao que se refire o artigo 149 desta Lei.
- d) A proposta ao órgano de contratación de adxudicación do contrato a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.
- e) No procedemento restrinxido, no diálogo competitivo, no de licitación con negociación e no de asociación para a innovación, a selección dos candidatos cando así se delegue polo órgano de contratación, facéndoo constar no prego de cláusulas administrativas particulares”.

En similares termos se regulan estas funcións no RD 817/2009, de aplicación no que non se opoña á LCSP.

Atendendo ás funcións atribuídas á Mesa de Contratación, esta pode formular propostas e adoptar acordos sen a “existencia de proposta previa á adopción do acordo asinada por técnico competente rationae materia”, en contra do que argumenta o recorrente no seu escrito.

A asistencia técnica especializada que se atribúe á Mesa de Contratación é acorde coa súa composición, regulada no ámbito local na disposición adicional segunda da LCSP, punto 7.

Establece esta disposición que a Mesa, ademais de estar presidida por un membro da Corporación ou un funcionario desta, estará formada por vogais entre os que se encontran, nos municipios de grande poboación (caso de Vigo) o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orsamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos desta, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

Á vista da natureza da Mesa de Contratación, das funcións atribuídas legal e regulamentariamente, e da súa propia composición, non cabe dúbida ningunha de que é competente para a adopción do acordo recorrido polo que non se admitiu ao recorrente neste procedemento e de que seguiu o procedemento legalmente establecido. En consecuencia, non concorre a circunstancia prevista no artigo 47.1.5e) da LPAC.

2. A nulidade de pleno dereito do mecanismo establecido nos pregos para a presentación de sobres

Sinala a cláusula 13.5. do PCAP que “A presentación das proposicións deste procedemento realizarase a través da plataforma electrónica de contratación do Concello de Vigo, na seguinte ligazón <https://licitacion.vigo.org/licitacion> e de conformidade co previsto no artigo 136.4 da LCSP e as disposicións adicionais 16ª e 17ª”.

Así mesmo, a cláusula 14.1 do PCAP prevé: “No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, o software PLYCA Empresas, xerará un código específico de verificación (HASH) “pegada dixital” que se mostrará en pantalla, antes de realizar o envío. Este código deberá ser remitido por FAX ao nº 986 226 206 e por correo electrónico a contratacion@vigo.org, ou entregado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo sito na Praza do Rei s/n Vigo. O sobre electrónico xerado na plataforma coa oferta, asinado, deberá ser entregado en soporte electrónico, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións. En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”.

Alega o recorrente que “é evidente que o mecanismo establecido nos pregos para a presentación de sobres en caso de funcionamento defectuoso da plataforma de presentación de ofertas devén nulo de pleno dereito cando a data de finalización de dito prazo resulta ser a véspera dun día inhábil, ao encadrarse no suposto do art. 47.1.c LPACAP (“os que teñan un contido imposible”), toda vez que impón a súa presentación física nun Rexistro que permanece pechado todo ese tempo”.

Como se indicou no acordo polo que se desestiman as alegación formuladas polo recorrente, a súa oferta foi presentada en prazo. Isto é, tanto a pegada dixital enviada o último día do prazo, como o sobre electrónico presentado nas vinte e catro horas hábiles seguintes, se presentaron dentro de prazo. O motivo da súa non admisión no procedemento non foi a presentación extemporánea da súa oferta senón o ter enviado, a maiores, a documentación sen encriptar tanto por correo como no Rexistro Xeral. Insistimos en que o coñecemento da súa proposición con carácter previo á data de apertura das proposicións contamina o procedemento, ao non terse garantido o segredo das proposicións por un erro imputable ao licitador e non ao Concello de Vigo.

O Concello de Vigo pon a disposición dos licitadores unha plataforma de licitación electrónica que garante o segredo das proposicións e impide a súa apertura antes da finalización do prazo de presentación, cumprindo así a esixencia prevista no artigo 139.2 da LCSP.

Dado que o licitador non puido presentar a súa oferta por medio da plataforma de licitación electrónica, optou por seguir o procedemento de presentación previsto na cláusula 14, presentando a pegada e o sobre electrónico en prazo. Se o licitador non enviara por correo electrónico e a través do Rexistro a súa oferta sen encriptar sería admitido no procedemento. En consecuencia, o mecanismo previsto nos pregos para a presentación de ofertas non foi obstáculo ningún.

Lémbrese que a LPAC é de aplicación supletoria en materia de contratación. Segundo o seu artigo 30.5 “Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte”. En base a este precepto, rematando o prazo de presentación de ofertas o venres 14 de setembro, as vinte e catro horas para a presentación do sobre electrónico estenderíanse ao luns 17.

Indícase ademais que o sobre electrónico (documentación encriptada) pode presentarse a través do Rexistro Electrónico e este Rexistro está operativo todos os días do ano. Di o recorrente que isto é imposible pero non é así e de feito xa foron presentados outros sobres electrónicos por esta vía, o que pon de manifesto que o Rexistro si permite a presentación deste tipo de documentos (extensión .paxe).

O recorrente, ante a “imposibilidade” de presentar a súa oferta por medios electrónicos, optou por presentar a súa oferta sen encriptar porque lle pareceu a opción máis segura e recolle no seu escrito “asegurar o segredo dos documentos enviados (Sobre A, Sobre B, Sobre C) ata a celebración da Mesa (ou nas súas correspondentes sesións) tería resultado sinxelo para a Administración, que prefire, neste caso, descargar toda esta cadea dos seus múltiples erros sobre o licitador que os soporta un tras un ata que finalmente non consegue presentar a oferta”.

Segundo o citado artigo 139.2 da LCSP “As proposicións serán secretas e arbitraránse os medios que garanten tal carácter ata o momento de apertura das proposicións, sen prexuízo do disposto nos artigos 143, 175 y 179 en canto á información que debe facilitarse aos participantes na poxa electrónica, nun diálogo competitivo, ou nun procedemento de asociación para a innovación”.

A regra do segredo das proposicións, tradicional no noso Dereito, cando menos desde o Real decreto do 27 de febreiro de 1852, foi contemplada como unha garantía do propio licitador para que a súa oferta non fora coñecida por outras persoas (cfr.: Sentencia do Tribunal Supremo, Sala III, do 17 de novembro de 1964 –Roj STS 4048/1964-) e como salvagarda do principio de igualdade dos licitadores (cfr.: Sentenza do Tribunal Supremo, Sala III, 1 de febreiro de 1996 –Roj STS 577/1996-).

Este último aspecto cobra especial importancia coa introdución, no artigo 134.2 da derogada Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público da norma que impón que a valoración dos criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor se efectúe antes da daqueles avaliábeis de maneira automática ou mediante fórmulas; desde entón, e aínda que siga tendo unha dimensión de tutela do dereito do licitador, o segredo das proposicións é ante todo unha garantía esencial do procedemento dirixida a asegurar a obxectividade da avaliación das ofertas.

A indubidable importancia do segredo das proposicións require que a Administración arbitre os medios necesarios para garantir ese segredo pero tamén que o licitador cumpra cos requisitos de presentación das ofertas.

Como se vén indicando ao longo deste informe, si existían os mecanismos para a presentación das proposicións correctamente. Ningún licitador tivo problemas para presentar a súa proposición a través dos medios postos a disposición polo Concello

(plataforma de licitación electrónica ou medio alternativo de presentación da pegada dixital e sobre electrónico). É máis, nin o propio recurrente tivo problemas para presentar a súa oferta, posto que como xa se indicou en reiteradas ocasións, o propio recurrente presentou correctamente a pegada dixital e o sobre electrónico. Isto pon de manifesto que os mecanismos previstos no PCAP si funcionan e, en consecuencia, non concorre a causa de nulidade de pleno dereito do artigo 47.1.c (“os que teñan un contido imposible”) alegada polo recurrente.

Agora ben, o licitador non cumpriu os requisitos de presentación da súa oferta ao ter presentado a documentación sen encriptar por correo electrónico dirixido ao Servizo de Contratación e a través do Rexistro xeral. Asegurar o segredo deses documentos é responsabilidade do licitador respectando os requisitos de presentación da súa oferta e non do persoal adscrito ao Servizo de Contratación nin ao Rexistro xeral. A ruptura do segredo das ofertas prodúcese desde o momento en que a documentación enviada non está encriptada. Asegurar o segredo deses documentos con posterioridade suporía un incumprimento grave do principio de igualdade de trato dos licitadores.

3. A errónea determinación do prazo de presentación de ofertas

4. A vulneración do principio de confianza lexítima

Sobre estes aspectos remitímonos aos argumentos expostos no acordo da Xunta de Goberno local de data 18 de outubro de 2018 polo que se desestiman as alegacións formuladas por D. PABLO CASAL NÚÑEZ, notificado ao recurrente o mesmo día.

Cómpre unicamente facer tres puntualizacións:

a) O acordo da Mesa de Contratación do 18 de setembro polo que se acorda non admitilo no procedemento foi adoptado na sesión do mesmo día, como non podía ser doutra maneira e, en consecuencia, non estivo condicionado polas alegacións formuladas polo recurrente o 26 de setembro. É máis, a acta do 18 de setembro foi aprobada na sesión do 27 de setembro (que finalizou ás 11:45 horas), antes de que as alegacións foran recibidas no Servizo de Contratación (o día 27 ás 12:55 horas).

b) O prazo concedido para a presentación das ofertas foi o previsto legalmente (15 días) como se pode comprobar no perfil de contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público. O recurrente di no seu escrito de interposición “que se corrixiu na plataforma do Estado a data de publicación do anuncio, o que non implica senón o recoñecemento municipal dos graves erros cometidos en prexuízo dos potenciais licitadores”.

A proba de que o anuncio se publicou o 30 de agosto de 2018 na plataforma de contratación do sector público e non o 4 de setembro é a seguinte:

Fecha fin de presentación de oferta 14/09/2018 23:59

Resumen Licitación

Publicación en plataforma	Documento	Ver documentos
19/09/2018 13:54:54	Rectificación de Anuncio de Licitación	Html Xml Pdf Sello de Tiempo
30/08/2018 13:36:06	Pliego	Html Xml Pdf Sello de Tiempo

Otros Documentos

Publicación en plataforma	Documento	Ver documentos
30/08/2018 13:32:42	Memoria justificativa	Ver Sello de Tiempo
03/09/2018 09:25:27	Documento de aprobación del expediente	Ver Sello de Tiempo
21/09/2018 12:12:34	Informe de valoración de los criterios de adjudicación cuantificables mediante juicio de valor	Ver Sello de Tiempo
03/10/2018 10:40:37	Anuncio de exclusión de licitadores presentados	Ver Sello de Tiempo

Enlace a la licitación https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink_detalle_licitacion&idF=V%2BukcD2w7g0SugstABGr5A%3D%3D

Si desea copiar la URL, pulse botón derecho sobre este enlace y seleccione la opción 'Copiar acceso directo'

c) Nas alegacións complementarias ao recurso de alzada, ademais de insistir o recurrente sobre o incumprimento do prazo de presentación de ofertas, insiste tamén no acceso ao perfil de contratante desde a páxina web institucional.

Como afirma o recurrente si se fixeron cambios despois de recibidas as súas alegacións en aras de mellorar e facilitar o acceso dos licitadores á información contractual. No entanto, como xa se indicou tanto na desestimación das alegacións como neste informe, a licitación foi publicada correctamente cumprindo todos os requisitos legais.

Solicita o recurrente no escrito de interposición que se desista do procedemento e se incoe novamente concedendo un novo prazo para a presentación de ofertas.

Segundo o artigo 152 da LCSP “O desistimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa”.

En base ao exposto ao longo deste informe, non se infrinxiron as normas de preparación do contrato nin as reguladoras do procedemento de adxudicación, polo que non concorre causa ningunha para desistir do procedemento e, consecuentemente, procede desestimar o recurso.

**-V-
Acordo**

O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido (artigo 121.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

"1º.- Admitir o recurso de alzada interposto o 16 de outubro de 2018 por D. PABLO CASAL NÚÑEZ, no procedemento aberto dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores".

2º.- Desestimar o citado recurso, polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1311).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO MANTENIMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E DO MANTENIMENTO DO EQUIPAMENTO MULTIMEDIA DO AUDITORIO DE TEIS E SERVIZO TÉCNICO DE EVENTOS. EXPTE. 8057/320.

Dáse conta da proposta do 07/11/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis":

Empresas licitadoras	Puntuación total
APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L.	97,75
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	59,49

- Lote 2 "Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos":

Empresas licitadoras	Puntuación total
APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L.	92,37
EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	60,04

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP)

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (agás a escritura de constitución e a solvencia técnica por ter presentado a documentación acreditativa no Sobre A).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1312).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN A COMPRA DE EQUIPOS E MATERIAIS AUXILIARES DE OBRA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 81514/250 .

Visto o informe de fiscalización do 07/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 05/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 10 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BAYGAR, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4 da LCSP):

Acreditación da constitución garantía definitiva

Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 do Anexo I -FEC-do PCAP”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L., o día 11 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 19 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou requirir ao licitador a presentación do aval orixinal. O requirimento formulouse o 29 de outubro e a documentación foi presentada o 31, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 5 de novembro de 2018 comprobou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BAYGAR, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BAYGAR, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 21 de setembro de 2018 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BAYGAR, S.L. o procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250) por un prezo total de 61.568,43 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.685,43 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 5% a aplicar tanto aos prezos unitarios relacionados no anexo do PPTP como aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPTP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1313).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA. RENOVACIÓN DE ELEMENTOS DE ILUMINACIÓN VIARIA. EXPTE. 50730/444 .

Visto o informe de fiscalización do 12/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 09/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444) na seguinte orde descendente:

	Clasificación de orden	% de baixa
1	ENDESA ENERGIA SA	40,14
2	CHZ LIGHTING SPAIN SOCIEDAD LIMITADA.	34,41
3	ESELED CONSULTING SL	32,44
4	DIELECTRO INDUSTRIAL SA	32,38
5	INGENIERIA Y SERV.EFICIENCIA ENERGETICA,S.L.	32,16
6	SIELVIGO	31,99
7	IMESAPI, SA	27,38
8	DIGAMEL SA	20,30

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENDESA ENERGÍA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ENDESA ENERGÍA, S.A., o día 16 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou conceder a ENDESA ENERGÍA, S.A. un prazo de tres días para a súa emenda.

Durante o prazo concedido, o citado licitador presentou a documentación requirida, que foi cualificada pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de novembro de 2018, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ENDESA ENERGÍA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ENDESA ENERGÍA, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 10 de outubro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ENDESA ENERGÍA, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición para a mellora da eficiencia enerxética. Renovación de elementos de iluminación viaria (50.730-444) coas seguintes condicións por un prezo total de 650.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 112.809,92 euros e coas seguintes baixas proporcionais para os prezos unitarios dos materiais especificados no PPT:

1. ud Luminaria led vial 20-40 W: 37,12%

2. ud luminaria led vial 40-60 W: 41,99%
3. ud luminaria led Villa 35-50 W ou similar: 2,72%
4. ud luminaria led Villa antivandalica 35-50 W ou similar: 77,82%
5. ud luminaria Stella 10-50 W ou similar: 19,51%
6. ud módulo led Snap ou similar: 27,80%
7. ud proxector Grey 50-80 W ou similar: 22,04%
8. ud aplique led antivandalico 24 W: 34,24%
9. SAI RIELLO-ENERDATA Multi Sentry (MTS 30 KVA + baterías de PB-H para 10 min de autonomía) ou similar: 15,10%
10. ud brazo aceiro galvanizado: 4,89%
11. ud alargadeira aceiro galvanizado: 14,09%
12. ud columna aceiro galvanizado 3 metros: 10,69%
13. ud columna aceiro galvanizado 4 metros: 22,20%
14. ud columna aceiro galvanizado 6 metros: 21,14%
15. ud columna aceiro galvanizado 9 metros: 5,17 %
16. ud columna aceiro galvanizado 10 metros: 10,42%
17. ud columna aceiro galvanizado 12 metros: 40,10%
18. ud poste de formigón 9 metros: 5,54%
19. ud columna Fernando VII 4,15 metros: 19,73%
20. ud columna Versailles ou similar 3,7 metros: 64,94%
21. ud cadro de mando trifásico para iluminación pública: 46,90%
22. ud saída aérea trifásica: 5,26%
23. ud acometida aérea trifásica: 5,26%
24. ud cadro de mando monofásico para iluminación pública: 49,91%
25. ud saída aérea monofásica: 5,26%
26. ud acometida aérea monofásica: 5,26%
27. ud electrodo tipo pica de Cu 2000x14.6 mm: 5,26%

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1314).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5266/241.

Dáse conta do informe-proposta do 13/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público (RLCSP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de xuño de 2015 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) aprobou a composición da Mesa de Contratación permanente do Concello de Vigo, modificada por acordos de 10 de xuño de 2016, 13 de xaneiro de 2017 e 13 de xullo de 2017.

Segundo.- A entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, motivou a necesidade de modificar a composición da mesma, modificación que foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 9 de marzo de 2018.

Terceiro.- Con motivo do nomeamento de D^a. María Isabel Fernández Gabriel como letrada asesora xurídica da Asesoría Xurídica Municipal modificouse a composición da Mesa mediante acordo da Xunta de Goberno local na data 14 de xuño de 2018 para integrala como suplente da titular da Asesoría Xurídica.

Cuarto.- Mediante acordo da Xunta de Goberno local do 18 de setembro de 2018 substituíuse o presidente titular como consecuencia da renuncia de D. David Regades Fernández á súa acta como concelleiro.

Quinto.- Por resolución da Alcaldía de data 11 de setembro de 2018 nomeouse a D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez como membro integrante da Xunta de Goberno local.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo

A disposición adicional 2^a.7 da LCSP establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais. En cumprimento desta disposición, é preciso proceder ao nomeamento dos membros que formarán parte da Mesa permanente do Concello de Vigo.

Consonte ao citado artigo "A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vocais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-presupostario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación".

En función do exposto nos antecedentes, procede modificar a súa composición no tocante aos suplentes da Presidencia.

-II-

Competencia

A competencia para acordar a composición da mesa de contratación permanente e as súas normas de funcionamento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 e apartado 4º da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación

En mérito ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación para incorporar como suplente da Presidencia a D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.

A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:

1. Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, concelleiro delegado de Contratación
Suplentes:
 - D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, D^a. María José Caride Estévez, D^a. María Jesús Lago Rey e D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
2. Representante do grupo municipal do Partido Popular: D^a. Elena Muñoz Fonteriz
Suplentes:
 - D. Diego Gago Bugarin e D. Miguel Fidalgo Iglesias
3. Representante do grupo municipal da Marea de Vigo: D. Rubén Pérez Correa
Suplentes:
 - D^a. Margarita López Barreiro e D. Xosé Lois Jácome Enríquez
4. Titular da Asesoría Xurídica. D^a. Margarita Parajó Calvo
Suplentes:
 - D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración Xeral, letrada xefa de Asesoramento
 - D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil
 - D. Xesús Costas Abreu, técnico de Administración Xeral, xefe Área Xudicial
 - D^a María Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica.
5. Interventor Xeral: D. Alberto Escariz Couso
Suplentes:
 - D^a Olga Gómez Corbal, Interventora Xeral Adxunta
 - D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización
 - D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro
 - D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral
6. Secretario Xeral do Pleno: D. José Riesgo Boluda
Suplente:
 - D. Secundino Otero Failde, técnico de Administración xeral, xefe do Servizo de Medio ambiente
7. Xefe/a do Servizo de Contratación. D^a Beatriz Barbará Rodríguez

Suplentes:

- D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes
- D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración xeral

8. O/A responsable do contrato ou persoa que designe.

9. Secretario: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral

Suplentes:

- D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes
- D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración xeral

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Comunicar este acordo aos membros da Mesa de Contratación para os efectos oportunos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1315).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE IGUALDADE NO MES DE OUTUBRO DE 2018. EXPTE. 8785/224.

Dáse conta do informe-proposta do 12/11/18, asinado pola a xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

INFORME:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de outubro do ano 2018.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
8689-224	CMSE	Curso de Ioga na AVCD de Lavadores	María Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	02/10/18	324 €
8690-224	CMSE	Curso de Ximnasia na ACRD de Pardavila	María Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	09/10/18	576 €
8693-224	CMSE	Curso de Pilates na Asociación Veciñal do Calvario	María Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	02/10/18	540 €

8696-224	CMSE	Curso de Pilates na A VV Rúas e Fontes	María Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	02/10/18	468 €
8706-224	CMSE	Curso Módulo de Igualdade na A VV Agarimo San Xoan Poulo	María Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	09/10/18	432 €
8707-224	CMSE	Curso Módulo de Igualdade na A Gallega Amigos del Rocío	Cristina Rodríguez Ramos	23112260600	09/10/18	432 €
8684-224	CMSE	Curso de Percusión e Canto Tradicional na A Gallega Amigos del Rocío	M ^a Elena Pérez Posada	23112260600	02/10/18	432 €
8688-224	CMSE	Curso de Percusión e Canto Tradicional na AVCD de Lavadores	M ^a Elena Pérez Posada	23112260600	02/10/18	324 €
8692-224	CMSE	Curso de Percusión e Canto Tradicional na AVCD de Sampaio	M ^a Elena Pérez Posada	23112260600	09/10/18	648 €
8686-224	CMSE	Curso de Pintura, debuxo e caricatura na AVV S Xurxo Saiáns	M ^a Carmen Lamas Estévez	23112260600	02/10/18	648 €
8695-224	CMSE	Curso de Axilidade mental e memoria no CCAR de Valladares	Mónica Calvo Serrano	23112260600	02/10/18	504 €
8685-224	CMSE	Curso de Axilidade mental e memoria na A VV de Matamá	Consuelo Vilasánchez Muñoz	23112260600	02/10/18	432 €
8691-224	CMSE	Curso de Ioga na SVCD Nautilus	CCAR de Valladares	23112260600	02/10/18	324 €
8687-224	CMSE	Curso de TaiChí na A VV de Teis	M ^a Sol Rodríguez Fernández	23112260600	02/10/18	288 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(1316).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 3603/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 08/11/18 e o informe de fiscalización do 09/11/18, dáse conta do informe-proposta de data

08/11/18, asinado pola axente de Igualdade, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 21.11.2008 o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinaron un convenio de colaboración para a xestión do Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero. Expte 3603/224. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.11.2008.

Mediante a sinatura do dito convenio o Consorcio Galego comprométese a asumir a xestión integral do Centro facéndose cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e equipamento. O Consorcio Galego xestionará o Centro de Emerxencia de acordo coa normativa aplicable en materia de centros de servizos sociais e de acollida para mulleres vítimas de malos tratos (Decreto 143/2007 do 12 de xullo, Orde do 1 de abril de 1997) e a súa propia normativa interna, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) A selección, contratación e dirección do persoal.
- b) A elaboración das normas de carácter interno e do proxecto de atención ás mulleres aloxadas no dispositivo.
- c) Con carácter xeral todas aquelas xestións que se deriven da cesión do uso do Centro.

O Concello de Vigo asume a obriga de ceder ao Consorcio Galego o uso do inmovible, e o equipamento e mobiliario existente, así como se compromete a contribuír cunha achega anual de 266.000,00 €, segundo o estipulado na cláusula Quinta do convenio.

En data 19.12.2014 ambas partes asinaron unha addenda ao referido convenio, co obxecto de adaptalo ao disposto na Disposición adicional terceira da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Pública. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.12.2014. Froito das negociacións entre as partes, a dita addenda recolle unha minoración de 25.000,00 na achega anual do Concello de Vigo. Así, na cláusula Sexta da addenda o Concello de Vigo comprométese a contribuír para o ano 2014 e seguintes aos gastos do Centro de Emerxencia cunha achega anual de 241.000,00 € .

Na cláusula Sétima do convenio vixente, establécese que a duración deste convenio fíxase en 10 anos, tendo vixencia desde a súa sinatura entre as partes e coa posibilidade de realizar prórrogas

por períodos anuais se ningunha das partes se opón á prórroga antes da finalización do correspondente período, sen que a duración total poida exceder de 20 anos.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dispón, en relación coa regulación dos convenios, no seu artigo 49. h) o seguinte:

“Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se preveña un prazo superior.
2. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no ordinal anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción”.

A Disposición Adicional oitava desta lei establece que os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública deberán adaptarse ao previsto no prazo de tres anos a contar desde a entrada en vigor desta lei, que tivo lugar o 2 de outubro de 2016.

Mediante escrito de data 30.10.2018, con entrada no Rexistro Municipal o 31/10/2018 e nº de documento: 180175229, (que se incorpora a este expediente) a xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar comunica “a vontade de darlle continuidade ao convenio ata o 1 de outubro de 2019, sen prexuízo de que no período que resta para de vixencia do convenio ata a devandita data, se proceda a súa adaptación ás disposicións contidas no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, segundo o previsto na Disposición Adicional 3ª desta mesma lei”.

A teor do exposto, este servizo xestor valora procedente tramitar e propoñer a aprobación dunha prórroga do convenio que comprenderá o seguinte período: 21 de novembro de 2018 (data na que remata a súa actual vixencia) ata o 1 de outubro de 2019 (ambos incluídos), sen prexuízo de que no período que resta de vixencia do convenio ata a devandita data, se proceda a súa adaptación ás disposicións contidas no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, segundo o previsto na Disposición Adicional 3ª desta mesma lei.

Para facer fronte aos pagos dos gastos do convenio durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 207.985,05 euros (cálculo realizado atendendo á contía anual de 241.000 €: 365 días= 660,27 €/día; 315 díasx660,27€= 207.985,05 €). O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida “Centro de Emerxencia” 2311 2279900 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2019 da concellería de Igualdade, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Concellería de igualdade, desglosado do seguinte xeito: 27.071,07 € para o ano 2018 e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2019.

Polo devandito, e tralos preceptivos informes xurídico e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 21 de novembro de 2018, para a xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero, por un período que abrangue desde o 21 de novembro de 2018 ata o 1 de outubro de 2019, ambos incluídos.

2º.- Aprobar e autorizar o gasto de 207.985,05 euros para facer fronte ao pago do convenio durante a vixencia da prórroga, desglosado do seguinte xeito: 27.071,07 € con cargo á partida “Centro de Emerxencia” 2311 2279900 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 180.913,98 € para o futuro exercicio 2019 na partida “Centro de Emerxencia” 2311 2279900 da Concellería de Igualdade”, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento futuro da Concellería de Igualdade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1317).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE SETEMBRO DE 2018. EXPTE. 2459/334.

Dáse conta do informe-proposta do 02/11/18, asinado pola técnica de Normalización Lingüística, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, aprobadas polo Pleno con data 27 de decembro de 2017 faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, no mes de setembro de 2018.

Asunto: relación de expedientes de contrato menor correspondentes ao mes de setembro de 2018, tramitados no servizo e autorizados pola concelleira-delegada

Expediente	2431/334. 1 Percorrido literario pola ría e as Cíes neste outono de 2018
Decreto concelleira	data 17 de setembro de 2018
Informe Intervención	RC 002505
Adxudicatario	Eduardo Rolland Etchevers
Importe	165 euros

Expediente	2429-334. 1 Percorrido literario. "Fantasía e realidade de Verne en Vigo, II Cies e Ría"
Decreto concelleira	Data 17 de setembro de 2018
Informe Intervención	RC 002503
Adxudicatario	Leticia Costas Álvarez,
Importe	165 euros

Expediente	2432-334. Paseos literarios""Realidade e fantasía de Verne en Vigo II. A ría e as Cíes" percorrido que nos levará ate as illas Cíes.
Decreto concelleira	data 17de setembro de 2018
Informe Intervención	RC 002506
Adxudicatario	Instituto de Estudos Miñoráns

Importe	330 euros
---------	-----------

Expediente	2428-334. Curso de lingua galega "Achégate ao galego
Decreto concelleira	data 12 de setembro de 2018
Informe Intervención	RC 002578
Adxudicatario	ANA MARÍA VÁZQUEZ FACCHINI
Importe	1.512 euros

Expediente	2437-334. Obradoiro de improvisación teatral
Decreto concelleira	data 28 de setembro de 2018
Informe Intervención	RC 002584
Adxudicatario	Manuel Polo Pérez
Importe	1.188 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(1318).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA EMPRESA VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A. CONTRA ACORDO XGL DO 23/03/18. EXPTE. 10146/446.

Visto o informe de fiscalización do 06/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Montes Parques e Xardíns, e polo concelleiro-delegado de Parques Xardíns, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 8 de xullo de 2016, a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar á VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo por un prezo de 17.237.394,62 euros. (expediente 7614-446).

2.- O 02/12/2016 se formaliza o contrato con VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A

3.- O devandito servizo pola empresa VALORIZA SA se presta ata o 30 de setembro de 2017 así na data 17/08/2017 se lle notifica o seguinte:

" En cumprimento de la sentencia 00121/2017, de fecha 16 de marzo de 2017, del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, recaída en los procedimientos ordinarios 4332/2015, 4336/2015 y 495/2015, en la que se estiman los recursos contencioso-administrativos interpuestos por la mercantil, Althenia, SL, y por el Ayuntamiento de Vigo contra la resolución

del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, la cual se anula por ser contraria a derecho se desestima el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la mercantil Cespa contra la resolución del Ayuntamiento de Vigo, de fecha 31 de julio de 2015, le comunico que la entidad mercantil Althenia, SL, deberá reanudar la prestación del servicio del contrato de mantenimiento y conservación de zonas verdes (expte. 7614/446) en fecha 1 de octubre de 2017.

Ante lo expuesto, Valoriza Servicios Medioambientales, SA, cesará la prestación del Servicio de mantenimiento y conservación de las zonas verdes de la ciudad de Vigo, en fecha 30 de septiembre, debiendo continuar la prestación del servicio hasta esa fecha inclusive. “

4.- Nas datas 29/05/2017, 07/06/2017 e 09/06/2017 notifícanse a VALORIZA ás queixas recibidas a través da Xestión de Expedientes ou por correo electrónico outorgándolle un prazo de 5 días para subsanalas.

5.- En data 13/09/2017, se notifica a VALORIZA SA informe da xefa adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo de data 13 de setembro de 2017, en relación ás deficiencias na prestación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo por parte da empresa Valoriza Servicios Medioambientales, SA, polo que antes de proceder a promover a incoación de expediente sancionador tal e como se establece na cláusula n.º 36 do prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato, de conformidade co previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se outorga un trámite de audiencia, por un prazo de DEZ DÍAS para que se formulen as alegacións e se presenten os documentos ou xustificacións que estimen procedentes. (expediente 9802/446)

Devandito informe de data 13/09/2017 ten o seguinte teor literal:

“ Valoriza Servicios Medioambientales, S.A., empresa adxudicataria do contrato de conservación, mantemento e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo, ven prestando os seus servizos desde o pasado 16 de decembro de 2016; a partir deste primeiro momento veñense celebrando reunións semanais da xefa de servizo da empresa con persoal técnico do servizo de Montes, Parques e Xardíns; reunións nas que se lle foron trasladando as deficiencias e o mal estado no que se atopaban en cada momento as diferentes zonas verdes do municipio (alcorques, xardineiras, parterres, medianas, rotondas, illas, alcorques, humedais e zonas de ribeira, zonas verdes, pradeiras, arbolado en xeral, etc) nas que se ven observando de forma reiterada falta de árbores, presenza de herbas, prantas secas arbustivas e/ou de tempada, falta de rego e sistemas de rego que non funcionan, ausencia de prantas, poda de árbores e arbustiva sen realizar, falta de mantemento de elementos non vexetais, presenza de lixo e suciedade, etc

Ademáis destas deficiencias, das que se informou directamente á xefa de servizo de Valoriza en cada unha das reunións semanais, pola súa parte os cidadáns facendo uso de tódalas canles a súa disposición (registro xeral, teléfono, e-mail, servizo 010, etc), foron comunicando as súas queixas, suxerencias, denuncias,... poñendo de manifesto o mal estado das zonas verdes da súa contorna. Todas estas queixas foron tramitadas e enviadas á empresa Valoriza Servicios Medioambientales, ben desde o servizo 010 do Concello e a través da aplicación “Xestión de expedientes”, no caso daquelas que se recibiron directamente nese servizo, ou desde o servizo de Montes, Parques e Xardíns empregando a mesma aplicación informática ou vía e-mail, no caso das queixas telefónicas, presenciais, do registro xeral, doutros departamentos do Concello, etc. De igual maneira comunicáronse e

tramitáronse as deficiencias atopadas polo inspector municipal no transcurso das inspeccións.

As zonas verdes afectadas e comunicadas a través das distintas canles son, entre outras:

A Bouza
Aragón esquina Travesía de Vigo, rotonda
Aragón, mediana
Aragón, alcorques
Arquitecto Palacios - Cataboi, noiro
A. VV. A Miñoa
Avda Balaídos, xardineiras
Avda Castelao, medianas e xardineiras
Barreiro, parque
Bouzas, paseo
Campo Roxo
Cristo, xardineiras (báculo)
Doctor Marañón
Estrada esquin Núñez de Balboa
Falperra, noiro
Faustino Álvarez, xardineiras (báculo)
Finca de Matías
Fuentes rúa Aragón, parterres
García Barbón, xardineiras
García Barbón, 69, laranxo
Gorxal
Gran Vía esquina Bolivia
Gregorio Espino, mediana
Isaac Peral, mediana hsta Dr. Canoa
Isaac Peral, rotonda e illas
Jenaro de la Fuente, xardineiras
José Franco Montes
Juan Ramón Jiménez, noiro
Martínez Garrido, mediana
Martínez Garrido, xardineiras
Menendez Pelayo
Miranaia
Molais, noiro ao lado do parque infantil Nogueira
Monumento Manuel de Castro
Nicaragua
Noiros e pradeiras do entorno da estación de autobuses
Parque Reyman
Pi y Margall, xardineiras
Polideportivo Berbés
Praza A Tellada
Praza rúa Baiona
Praza da Consolación
Praza da Miñoa
Praza de San Martiño
Sanjurjo Badía, xardineiras (báculo)
Samil, zona cafetería Camaleón

Samil, pradeira
Severino Cobas, rotonda
Tomás Paredes
Travesía Rosalía de Castro
Travesía de Vigo, naranjos alineación
Travesía de Vigo, rotonda diante Fenosa
Travesía de Vigo esquina Buenos Aires, rotonda
Urzáiz esquina Gregorio Fernández, xardineira
Urzáiz (peatonal Calvario), alcorques
Urzáiz (peatonal Calvario), xardineiras
Venezuela
Vía Norte

Aínda que a empresa retornou, nalgúns ocasións, a queixa como subsanada, o certo é que moitas delas, nos días posteriores seguían sen solucionarse quedando constancia desta situación nos informes emitidos polo inspector municipal.

Durante este periodo, ademais das deplorables condicións nas que se atopan as zonas verdes, detectáronse outros incumprimentos relativos a:

Plan de poda de arborado
Falla de mantemento e poda en arbustiva
Plan de rego
Reposición de arborado
Reposición de arbustiva
Reposición de pranta de tempada
Tratamento das pradeiras
Tratamentos fitosanitarios

Non presentación da documentación de ausencias de persoal no formato facilitado polo Concello

A día de hoxe, a maioría desas deficiencias seguen sen subsanarse acadando o obxectivo do contrato (apartado 2 do Prego de prescricións técnicas), “O obxectivo deste contrato para todos os labores de conservación, así como de reposición... deberá traducirse nun aspecto impecable percibible polos cidadáns en todas e cada unha das zonas co fin de conseguir que a cidade de Vigo dispoña dunhas zonas verdes sostibles, coa máxima calidade botánica, ornamental e de ocio e lecer.”; o que fai que non se estean a cumprir as condicións de conservación e mantemento que establece o vixente Prego de prescricións técnicas, en función da tipoloxía da zona;

Daquela, ponse de manifesto que a empresa adxudicataria do servizo, non está a cumprir coas súas obrigas, o que constitue motivo de infracción segundo a cláusula 34.1 do Prego de cláusulas administrativas “Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas derivadas do presente contrato”; polo tanto e ante a reiteración do incumprimento, por parte deste servizo procederase á promover incoación de expediente sancionador tal como establece a cláusula no 36 do citado prego de cláusulas administrativas, “O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoación do correspondente expediente”. Esto sen prexuízo de rexeitar o pago dos traballos non realizados.”

Devandita notificación recibíuse pola interesada na data 19/09/2017 segundo acuse de recibo que consta no expediente.

6.- Nas datas 22/09/2017, 26/09/2017, 29/09/2017 e 17/10/2017 notifícase a VALORIZA SA que se remitiu ao responsable do contrato un correo electrónico no que se facía constar o importe a deducir polos traballos non realizados nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro e se lle solicitaba que emitiran unha nova factura.

7.- Mediante resolucións do concelleiro delegado de Montes, Parques e Xardíns de datas 27/09/17 (expediente 9842/446), 27/09/2017 (expediente 9843/446), 29/09/17 (expediente 9845/446) e 06/10/17 (expediente 9873/446) anuláanse as facturas correspondentes aos meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

8.- VALORIZA SA presenta recursos de reposición contra as devanditas resolucións, recursos que según informes propostas de data 27 de decembro de 2017 procede estimar parcialmente no senso de proceder ao pago das facturas no importe no que o concello e a empresa estaban de acordo polos traballos efectivamente realizados e, desestimalos polo resto de motivos de impugnación.

9.- En data 26 de decembro de 2017, o xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns e a adxunta ao xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, tras un exame pormenorizado das zonas verdes do Concello de Vigo informan que:

“ (...) tendo en conta as alegacións presentadas pola empresa VALORIZA, S.A. (doc nº 170135760) e revisada e examinada toda a documentación obrante no expediente (fotos inspección, queixas recibidas no servizo, plan de poda aportado pola empresa...): nas zonas verdes inspeccionadas, os labores de mantemento e conservación establecidos no prego de prescricións técnicas acordos coa tipoloxía de cada zona, para conseguir un aspecto impecable das mesmas, tal como figura nos obxectivos do contrato, non se realizaron, polo que procede descontar:

- na certificación do mes de xuño: 16.440,93 €
- na certificación do mes de xullo: 10.915,37 €
- na certificación do mes de agosto: 10.274,88 €

Respecto á poda, o prego de prescricións técnicas establece no apartado 4.1.13 que “ A empresa adxudicataria deberá realizar un “Plan de poda anual” indicando as árbores sobre as que vai actuar, detallando a época en que se pretende levar a cabo (preferentemnete entre os meses de novembro a febreiro para as especies caducifolias e para o resto das especies na época do ano máis axeitadas), o tipo de poda a realizar, persoal destinado á realización destes labores e material con que se equipará a dito persoal”

tendo en conta isto e facendo uso dos datos que constan na última actualización, de data 15 de setembro, do listado de “Planificación de poda de alineación 2017/2018” entregada pola xefa de servizo da empresa Valoriza no servizo de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo, confírmase que:

- no mes de abril estaba planificada a poda de 598 árbores e podáronse 22 unidades, das que 14 foron revisadas sen ningunha actuación de poda;
- no mes de maio estaba planificada a poda de 872 árbores e soamente se podaron 2 unidades (como consecuencia de unha incidencia do temporal e unha queixa dun cidadán);

- no mes de xuño estaba planificada a poda de 956 árbores e podáronse 177 unidades, das que 80 foron revisadas sen ningunha actuación de poda;
- no mes de xullo estaba planificada a poda de 809 árbores e podáronse 177 unidades, das que 80 foron revisadas sen ningunha actuación de poda;
- no mes de agosto estaba planificada a poda de 1025 árbores e podáronse 272 unidades das que 309 foron revisadas sen ningunha actuación de poda;
- no mes de setembro estaba planificada a poda de 1005 árbores e soamente se podaron 14 unidades

Para o cálculo do importe da poda non realizada, aplicouse o valor da baixa do adxudicatario ao cálculo feito polo servizo para o mantemento intensivo do arborado considerando que, do coste anual por valor de 80,34 €/unidade, corresponden aos labores de poda 52,22 euros que prorateados no ano supoñen 4,35 €/unidade.mes. Polo tanto,

- na certificación do mes de xuño descóntanse as árbores non podadas nos meses de abril, maio e xuño que corresponden con:
 - abril quedaron sen podar 590 árbores x 4,35 €/unidade = 2.567,53 €
 - maio quedaron sen podar: 870 árbores x 4,35 €/unidade = 3.786,02 €
 - 590 árbores(abril) x 4,35 €/unidade = 2.567,53 €
 - xuño quedaron sen podar 859 árbores x 4,35 €/unidade = 3.738,15 €
 - 590 árbores(abril) x 4,35 €/unidade = 2.567,53 €
 - 870árbores(maio)x4,35€/unidade= 3.786,02 €
 - Total de poda a descontar = 19.012,80 €

na certificación do mes de xullo descóntanse as árbores non podadas nos meses de abril, maio, xuño e xullo que corresponden con:

- xullo quedaron sen podar 546 árbores x 4,35 €/unidade = 2.376,06 €
- 590 árbores(abril) x 4,35 €/unidade = 2.567,53 €
- 870 árbores (maio) x 4,35 €/unidade = 3.786,02 €
- 859 árbores (xuño) x 4,35 €/unidade = 3.738,15 €
- Total de poda a descontar = 12.467,76 €

na certificación do mes de agosto descóntanse as árbores non podadas nos meses de abril, maio, xuño, xullo e agosto que corresponden con:

- agosto quedaron sen podar 929 árbores x 4,35 €/unidade = 4.042,78 €
- 590 árbores(abril) x 4,35 €/unidade = 2.567,53 €
- 870 árbores (maio) x 4,35 €/unidade = 3.786,02 €
- 859 árbores (xuño) x 4,35 €/unidade = 3.738,15 €
- 546 árbores (xullo) x 4,35 €/unidade = 2.376,06 €
- Total de poda a descontar = 16.510,54 €

na certificación do mes de setembro descóntanse as árbores non podadas nos meses de abril, maio, xuño, xullo, agosto e setembro que corresponden con:

- setembro quedaron sen podar 991 árbores x 4,35 €/unidade = 4.312,58 €
- 590 árbores(abril) x 4,35 €/unidade = 2.567,53 €
- 870 árbores (maio) x 4,35 €/unidade = 3.786,02 €
- 859 árbores (xuño) x 4,35 €/unidade = 3.738,15 €
- 546 árbores (xullo) x 4,35 €/unidade = 2.376,06 €
- 929 árbores (agosto) x 4,35 €/unidade = 4.042,78 €
- Total de poda a descontar = 20.823,12 €

Tendo en conta o anterior, proceden por labores non realizados, os seguintes descontos nas certificacións mensuais:

- mes de xuño: 16.440,93 + 19.012,80 = 35.453,73 €
- mes de xullo: 10.915,37 + 12.467,76 = 23.383,13 €
- mes de agosto: 10.274,88 + 16.510,54 = 26.785,42 €
- mes de setembro: 20.823,12 €

polo que corresponde facturar os seguintes importes:

- mes de xuño: 359.112,39 - 35.453,73 = 323.658,66 €
- mes de xullo: 359.112,39 - 23.383,13 = 335.729,26 €
- mes de agosto: 359.112,39 - 26.785,42 = 332.326,97 €
- mes de setembro: 359.112,39 - 20.823,12 = 338.289,27 €

A maiores, como mostra da falta de mantemento xeneralizado nas diferentes zonas verdes da cidade, apórtanse:

- ANEXO I: notas de prensa publicadas no período transcurrido entre os meses de xuño a setembro
- ANEXO II: relación de queixas de cidadáns recibidas no servizo durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro na que se relacionan: nº expediente, nº documento, buzón da aplicación informática na que se atopa a queixa no momento da finalización do contrato da empresa Valoriza, persoa que realiza a queixa, asunto/motivo da queixa, situación e data na que se rexistrou. Analizando estes datos, compróbase que á finalización do contrato quedan queixas no buzón da concesionaria (conc. zonas verdes) que indican que están sen resolver; dun total de 1.061 queixas recibidas neste período, 236 quedaron sen resolver, o que supón un 22,24%.”

Consta no presente expediente informe técnico pormenorizado das zonas verdes nas que esta Administración entende que, non se realizaron as tarefas de conservación e mantemento do Concello de Vigo.

10.- En data 28/12/2017, mediante resolucións do concelleiro delegado da Área de Montes, Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos (expedientes nº9842/446; 9843/446; 9845/446 e 9873/446), se estiman parcialmente os recursos de reposición presentados contra as resolucións de anulación das facturas, no senso de proceder ao pago das facturas no importe no que o concello e a empresa estaban de acordo polos traballos efectivamente realizados e, desestimalos polo resto de motivos de impugnación.

11.- A Xunta de Goberno Local na sesión de data 28/12/2017 adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Incoar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A., do 5% do importe do contrato, que ascende a 170.578,38 euros €, pola comisión da falta de “A prestación manifestamente irregular do servizo”, tipificada como moi grave na cláusula 34.3.b).2 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato.

2º.- Dar trámite de audiencia a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A., por un prazo de 15 días hábiles, para achegar cantas alegacións, documentos ou informacións estime convenientes.”

12.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 22/01/2018, don Pablo Fernández De Castro Torres en representación de VALORIZA S.A presenta escrito no que,

en síntese, alega, a vulneración do principio de non bis in idem, nulidade do acordo de incoación por ausencia de incumprimento do contrato por parte de VALORIZA SA, nulidade do acordo notificado por inexistencia de contrato de servizo de conservación e reposición das zonas verdes e desviación de poder na actuación administrativa toda vez que a finalidade das penalidades non é punitiva senón coercitiva. Asemade se advirte a ausencia de entrega dos anexos 1 e 2 aos que se fai referencia no acordo de incoación.

13.- De conformidade cos artigos 96, 97 e 100 do TRLCSP, outórgase trámite de audiencia á Entidade Banco de Sabadell S.A, sen que ata data se presentaran alegacións.

Na data 23/02/2018, notifícase VALORIZA SA que: "En contestación a su escrito de alegaciones, de fecha de entrada en el Registro General del Ayuntamiento de Vigo del 23 de enero de 2018 (doc. 180013391), le adjunto informe técnico de fecha 27 de diciembre de 2017, así como los anexos I y II a los que hace referencia.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 82 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, se le otorga un trámite de audiencia, por un plazo de QUINCE (15) DÍAS, y se le pone de manifiesto el expediente, que podrá examinar en la oficina administrativa del Servicio (de lunes a viernes y de 9.00 a 13.30 horas), para que formule las alegaciones y presente los documentos o justificaciones que estime procedentes. "

A devandita notificación recibíuse pola interesada en data 01/03/2018 segundo acuse de recibo que consta no expediente.

14.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 21/03/2018 (doc n.º180042263), VALORIZA SA presenta escrito de alegacións ao informe técnico de data 27 de decembro de 2017.

15.- Con data 23/03/2018, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

"Primerio.- Desestimar, polos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos, as alegacións presentadas pola empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A. contra o acordo de Xunta de Goberno Local de data 28/12/2017.

Segundo.- Calificar como falta moi grave a prestación manifestamente irregular do servizo de conformidade coa cláusula 34.3.b).2 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o citado contrato e, impoñer unha penalidade por importe de 170.578,38 euros.

Terceiro.- Incautar a garantía constituída por la empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A por un importe 170.578,38 euros, de conformidad co artigo 100.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto .- Dar conta do presente acordo á Intervención Xeral e a Tesourería do Concello de Vigo.

Quinto.- Notificar o presente acordo aos interesados, advertíndolle que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-

administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

Devandito acordo notificouse ao interesado con data 26/03/2018, segundo acuse de recibo que consta no expediente.

16.- O Xulgado do contencioso-administrativo n.º 2 de Vigo, nas súas sentenzas n.º 84/2018 e n.º 87/2018 de 29 de maio desestima os recursos contenciosos-administrativos presentados por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A. contra as resolucións do Concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos de data 28/12/2017 (expedientes 9843/446 e 9845/446).

17.- O Xulgado do contencioso-administrativo n.º 1 de Vigo, na súa sentenza nº 138/2018 de 11 de xuño, desestima o recurso interposto por VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.A. fronte ao Concello de Vigo, no procedemento abreviado n.º 115/2018, contra a resolución do Concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos de data 28/12/2017.

18.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 26/04/2018 (doc n.º 180062409), don Pablo Fernández de Castro Torres en nome e representación de Valoriza Servicios Medioambientales S.A. presenta recurso de reposición no que, en síntese, alega a nulidade da resolución recorrida polo carácter coercitivo e non punitivo das penalidades, a ausencia de incumprimento, a inexistenza de contrato de servizo, unha manifesta desviación de poder e a vulneración do principio de proporcionalidade.

19.- En data 30/10/2018, o Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, responsable do contrato, e a súa adxunta, emiten informe en relación ás alegacións efectuadas pola interesada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Regulación de la tramitación del recurso de reposición:

Tal e como se sinala no acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/03/2018, contra dito acordo se pode interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde a recepción da mesma.

No artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece a obriga da Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación. En concreto, os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 regulan o recurso potestativo de reposición. O artigo 124 dispón que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso.

O recurso interponse en prazo e procede, polo tanto, entrar a valorar as cuestións relativas ao fondo do mesmo:

1.- Carácter das penalidades.

Dita alegación debe desestimarse polos seguintes motivos:

Das manifestacións vertidas polos declarantes (agás a do oficial con NIP 294179), desprende-se que o investigado comunica con habitualidade a entrada ó servizo, e en ocasións a saída, ben a través do operador de CIMA (OP-2), ó oficial CIMA 10 o ao inspector S0; práctica común que realizan outros policías, tamén.

Manifesta o investigado que o horario habitual entre o persoal de RETÉN (postos fixos) é o seguinte: 06.00 a 14.00 horas – 14.00 a 22.00 horas – 22.00 a 06.00 horas, se ben é certo, que NON é o horario oficial establecido por Xefatura: 06.30 a 14.30 horas – 14.30 a 22.30 horas – 22.30 a 06.30 horas.

4.- Ollar as imaxes captadas nas instalacións do depósito municipal de vehículos

Significar que, na toma de declaración do policía 294449, ante o Instrutor e Secretario, este manifesta non ter interese no seu ollado, pois ten a conciencia tranquila. Ollados os arquivos de imaxe pode-se concluír:

- a) FOTOGRAMA 1: entrada do funcionario policial en dependencias do depósito municipal ás 13.46.41 horas do día 15 de agosto de 2017 (14.01.41 horas reais).
- b) FOTOGRAMA 2: acceso do funcionario policial a seu posto de traballo (sen uniforme) ás 13.47.11 horas (14.02.11 horas reais).
- c) FOTOGRAMA 3: saída do funcionario policial de seu posto de traballo (sen uniforme) ás 21.45.49 horas (22.00.49 horas reais).
- d) FOTOGRAMA 4: saída do funcionario policial das dependencias do depósito municipal ás 21.46.03 horas (22.01.03 horas reais).

Á vista das anteriores dilixencias de comprobación practicadas e de acordo co previsto no art. 125 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenrola a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais; o instrutor do expediente disciplinario formula o seguinte **CARGO**:

- **FEITOS IMPUTADOS**

Tras-las comprobacións levadas a cabo en relación ós feitos obxecto do presente expediente, acontecidos nas instalacións do depósito municipal de vehículos, o 15 de agosto de 2017, apreciase relevancia disciplinaria e, en consecuencia:

- a) RESULTA IMPUTABLE o feito de abandonar o posto de traballo SEN ser relevado polo policía da quenda entrante e sen habelo comunicado ó responsábel da quenda.

- **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

Os feitos que impútanse ó funcionario de policía con NIP 294449, poden ser constitutivos dunha falta moi grave tipificada no artigo 79 f) da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais de Galicia: *“O abandono do servizo, agás que exista causa de forza maior que impida comunicar ó mando superior dito abandono”*.

De conformidade co artigo 83 da mesma disposición, polas faltas moi graves pódense impoñer as seguintes sancións:

- a) A separación do servizo
- b) A suspensión de funcións dende tres meses e un día ata un máximo de seis anos.

- **ACORDO**

Á vista das probas practicadas e dos feitos probados, acordo elevar proposta de resolución considerando que:

1.- A proposta inicial de abandono do servizo, por parte do policía 294449, non parece axustarse a infracción cometida, pois o funcionario policial completou a súa xornada laboral de 8 horas como queda acreditado.

2.- É parecer do instrutor que dito axente debeu esperar o relevo do compañeiro da quenda de noite, o cal entrou de servizo no seu horario oficial (que non é o habitual no servizo de Retén), ou cando menos comunicar ó mando responsábel da quenda que finalizaba o servizo e aínda non había sido relevado, para que pola súa parte se adoptasen as directrices a seguir.

3.- Atendendo ós seguintes criterios de graduación de sancións, contemplados no artigo 82, facer constar que:

a) non se aprecia intencionalidade nos seus actos, xa que cumpreo o horario de súa xornada laboral.

b) non se acredita reincidencia, con resolución firme, por faltas anteriores.

c) a súa acción non tivo incidencia sobre a seguridade cidadá.

d) existiu unha lixeira perturbación do normal funcionamento do servizo, ó ter que dispoñer o xefe de quenda de outra unidade policial, para trasladarse ó depósito municipal e atender un requirimento cidadá.

e) afectou ós principios de disciplina, xerarquía e subordinación, o non comunicar a súa ausencia, sen esperar ser relevado.

4.- Considerase polo instrutor, que o policía 294449 cometeu unha falta grave, tipificada no artigo 80 apartado c) da Lei 4/2007, de 20 de abril, a omisión da obriga de informar-la superioridade coa debida dilixencia de todo asunto que, pola súa entidade, requira seu coñecemento ou decisión urxente; que en virtude do artigo 83.1 apartado b) e en aplicación dos criterios de graduación do artigo 80, debe ser sancionado coa suspensión de funcións de cinco (5) días.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1321).- SOLICITUDE DE REINTEGRO DE GASTOS DERIVADOS DA DEFENSA INICIAL EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO ABREVIADO NÚM. 1615/16, DO XULGADO DO INSTRUCIÓN Nº 4 DE VIGO, DO FUNCIONARIO CON NÚMERO DE PERSOAL 13920. EXPTE. 31275/220.

Visto o informe de fiscalización do 29/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 23/01/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 10/01/2018 (documento administrativo nº 180007545) o funcionario, con nº de persoal 13920 e DNI nº *****232 R, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 1615/2016, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 16/05/17 polo que se acordou o sobreseimiento provisional e arquivo das actuacións. Interposto recurso de reforma e subsidiario de

apelación, desestimouse o Recurso de reforma por Auto de data 5.07.17 e o de apelación por Auto de 29/12/2017.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de **2.420 euros**, segundo a factura de data 10/01/2018 emitida por Borrás e Parapar S.L.P., e asinada por D. Carlos Borrás Díaz de Rábago, aportándose a tal efecto a factura emitida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

IV.- Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexado ao expediente.

No presente caso consta a presentación da factura de data 10/01/2018 por importe de **2.420 euros**, emitida por Borrás e Parapar S.L.P., e asinada por D. Carlos Borrás Díaz de Rábago, con indicación do traballo desenvolvido e incidencias; consta igualmente copia do Auto 2/2018, de data 29/12/2017 desestimando o Recurso de apelación contra o Auto de data 16/05/17 do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, que acordara o sobreseimiento provisional e arquivo das actuacións. Por outra parte, non estamos ante un suposto de actuación allea ao exercicio lexítimo das funcións asignadas, nin contradictorio coas regras xerais e os deberes sinalados no estatuto e o código de conduta dos empregados públicos ou corporativos locais, cumpríndose igualmente os requisitos da sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, anteriormente citada.

V.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ao funcionario con nº de persoal 13920 e DNI nº *****232 R, como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 1615/2016, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, tendo sido ditado en data 16/05/17, Auto de sobreseimiento provisional e arquivo das actuacións. Interposto recurso de reforma e subsidiario de apelación, desestimouse o Recurso de reforma por Auto de data 5.07.17 e o de apelación por Auto de 29/12/2017.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **2.420 euros**, segundo a factura de data 10/01/2018 emitida por Borrás e Parapar S.L.P., e asinada por D. Carlos Borrás Díaz de Rábago.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1322).- SOLICITUDE DE ABOAMENTO DE VACACIÓNS DE 2013 E 2014 (HERDEIROS DO FUNCIONARIO CON NÚM. DE PERSOAL 16739). EXPTE. 31532/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 25/10/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 14/02/2018, D^a Ferreirós Abuín M.M. con DNI nº *****547 R, D. Rodríguez Ferreirós R., con DNI nº *****331 C, D^a Rodríguez Ferreirós N, con DNI nº *****330 L, D^a Rodríguez Ferreirós I., con DNI nº *****990 A, como herdeiros de D. Rodríguez Frieiro R. presentan solicitude de abono das vacacións devengadas e non disfrutadas no finiquito de xubilación correspondentes aos anos 2013-2014.

II.- D. Rodríguez Frieiro R. estivera en situación de Incapacidade Temporal dende o 08/02/2013 ata o 06/08/2014, sendo declarado en situación de Incapacidade Permanente Absoluta en data 07/08/2014. D. Rodríguez Frieiro R. faleceu o día 02/04/2015.

III.- D^a Ferreiros Abuín M. con DNI nº *****547 R, D. Rodríguez Ferreiros R., con DNI nº *****331 C, D^a Rodríguez Ferreiros N, con DNI nº *****330 L, D^a Rodríguez Ferreiros I., con DNI nº *****990, solicitaron o abono das vacacións devengadas non disfrutadas no finiquito de xubilación os días 11/09/2014, reiterando a solicitude do día 15/12/2015.

IV.- O día 27/02/2018 solicitouse Informe Técnico acerca “do importe económico ao que ascendería a retribución das vacacións non disfrutadas por D. Ricardo Rodríguez Frieiro, correspondentes aos anos 2013 e 2014”, emitíndose o día 16/07/2018 fixando o total adeudado por vacacións 2013-2014 (45 días) na cantidade de 5.166 euros.

V.- Anexado ao expediente Informe Propuesta en data 14/09/2018 e remitido o mesmo día a intervención, se devolve o expediente con Informe de fiscalización de data 10/10/2018, no que se conclúe que “Con anterioridade ao recoñecemento da compensación solicitada deberá avaliarse a posible existencia da prescrición do dereito a súa reclamación, tendo en conta que o interesado foi declarado en situación de incapacidade permanente absoluta o 07/08/2014.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou argumentum ad iudicium que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Procédese a analizar o instituto da **prescripción** do dereito, de conformidade co requirimento do Informe de fiscalización de data 10/10/2018, no que se conclúe que “Con anterioridade ao recoñecemento da compensación solicitada deberá avaliarse a posible existencia da prescripción do dereito a súa reclamación, tendo en conta que o interesado foi declarado en situación de incapacidade permanente absoluta o 07/08/2014”.

O informe de fiscalización anteriormente referenciado, no punto II expón “de acordo á doutrina do Tribunal Supremo, en concreto a sentenza do Tribunal Supremo do 28 de maio de 2013, o dereito para solicitar unha compensación económica polas vacacións anuais non gozadas durante os anos en que o traballador permaneceu en situación de incapacidade temporal “non xorde ata que se extingue a relación laboral e, en consecuencia, ata ese momento non cabe entender que se inicia o prazo para o exercicio da acción tendente a esixila.

No caso que nos ocupa, a extinción produciuse o día 07/08/2014, data na que o interesado foi declarado en situación de incapacidade permanente absoluta.

Agora ben, dado o tempo transcorrido desde a devandita data (07/08/2014) ata a data da solicitude que deu lugar á tramitación do presente expediente (14/02/2018), e tendo en conta que segundo a documentación incorporada ao expediente constan outras solicitudes anteriores, tanto do interesado como dos seus herdeiros, que poderían interromper o prazo de prescripción, deberá de avaliarse con carácter previo a posible existencia da prescripción do dereito á reclamación da compensación económica solicitada”.

Entendo que o prazo de prescripción aplicable no presente caso, e o prazo xeral de prescripción de débitos aplicable á Administración, que ven establecido no artigo 25 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria, que determina que:

“1. Salvo lo establecido por leyes especiales, prescribirán a los cuatro años: a) El derecho al reconocimiento o liquidación por la Hacienda Pública estatal de toda obligación que no se hubiese solicitado con la presentación de los documentos justificativos. El plazo se contará desde la fecha en que se concluyó el servicio o la prestación determinante de la obligación o desde el día en que el derecho pudo ejercitarse...”. Existindo diversa xurisprudencia que avala á aplicación do citado artigo (23/01/2009, 01/07/2010, entre outras).

Así o interesado foi declarado en situación de incapacidade permanente absoluta o 07/08/2014 e a solicitude que deu lugar ao inicio do expediente é de data 14/02/2018, polo tanto non transcuriron os catro anos establecidos no artigo citado no parágrafo anterior.

A maior abundamento, engadir que con carácter previo á solicitude de data 14/02/2018 que deu lugar ao procedemento que nos ocupa, xa se presentaran dúas solicitudes no mesmo senso. Unha primeira por parte do propio finado Sr. Rodríguez Frieiro na data 11/09/2014; e unha segunda solicitude de data 15/12/2015, presentada pola súa esposa, Sra. Ferreirós Abuín, no seu propio nome e en representación dos herdeiros. Ambas solicitudes constan como documentos nº 2 e 3 respectivamente, da solicitude que está anexada no trámite 4 do expediente.

III.- O artigo 50 do TREBEP establece que: “1. Los funcionarios públicos tendrán derecho a disfrutar, durante cada año natural, de unas vacaciones retribuidas de veintidós días hábiles, o de los días que correspondan proporcionalmente si el tiempo de servicio durante el año fue menor.

A los efectos de lo previsto en el presente artículo, no se considerarán como días hábiles los sábados, sin perjuicio de las adaptaciones que se establezcan para los horarios especiales.

2. Cuando las situaciones de permiso de maternidad, incapacidad temporal, riesgo durante la lactancia o riesgo durante el embarazo impidan iniciar el disfrute de las vacaciones dentro del año natural al que correspondan, o una vez iniciado el periodo vacacional sobreviniera una de dichas situaciones, el periodo vacacional se podrá disfrutar aunque haya terminado el año natural a que correspondan y siempre que no hayan transcurrido más de dieciocho meses a partir del final del año en que se hayan originado.”

Polo tanto, en principio non hai posibilidade de disfrutar as vacacións fora do período establecido para elo.

Non obstante o anterior, debemos ter en conto o dereito e a xurisprudencia comunitaria ao respecto, que no orden de prelación, debe prevalecer sobre o dereito positivo interno de cada estado membro da Unión Europea.

Neste sentido hai que ter en conta a Sentencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas de data 20/01/2009 que ten como Marco Xurídico a Directiva 2003/88/CE del Parlamento Europeo e del Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo.

Da citada norma interesa destacar que: “Art 7.- “1. Los Estados miembros adoptarán las medidas necesarias para que todos los trabajadores dispongan de un período de al menos cuatro semanas de vacaciones anuales retribuidas, de conformidad con las condiciones de obtención y concesión establecidas en las legislaciones y/o prácticas nacionales.

2. El período mínimo de vacaciones anuales retribuidas no podrá ser sustituido por una compensación financiera, excepto en caso de conclusión de la relación laboral.»

Pola súa banda o artigo 17 da Directiva 2003/88 prevé que “los Estados miembros podrán establecer excepciones a lo dispuesto en determinados artículos de dicha Directiva. No se admite excepción alguna en lo que atañe al artículo 7 de la misma.”

Segundo a citada Sentencia: “33...el órgano jurisdiccional remitente pide en lo sustancial que se dilucide si el artículo 7, apartado 1, de la Directiva 2003/88 debe interpretarse en el

sentido de que se opone a disposiciones o prácticas nacionales según las cuales el derecho a vacaciones anuales retribuidas se extingue al finalizar el período de devengo de las mismas y/o el período de prórroga fijado por el Derecho nacional, incluso cuando el trabajador se haya encontrado en situación de baja por enfermedad durante la totalidad o parte del período de devengo de las vacaciones anuales y su incapacidad laboral haya perdurado hasta la finalización de su relación laboral...

36 ...procede, pues, examinar qué límites a dicho principio se imponen en las circunstancias específicas del asunto C-350/06. – situación de baja por enfermedad durante todo el período de devengo de las vacaciones anuales y que perdura en el momento en que finaliza dicho período y/o el período de prórroga.

...

41 De ello se deduce que, cuando se trata de trabajadores en situación de baja por enfermedad debidamente prescrita, ningún Estado miembro puede supeditar el derecho a vacaciones anuales retribuidas, que la propia Directiva 2003/88 atribuye a todos los trabajadores (sentencia BECTU, antes citada, apartados 52 y 53), al requisito de haber trabajado efectivamente durante el período de devengo de las vacaciones anuales establecido en el Estado de que se trate.

... El artículo 7, apartado 1, de la Directiva 2003/88 no se opone, en principio, a una normativa nacional que establezca modalidades de ejercicio del derecho a vacaciones anuales retribuidas que atribuye expresamente esta Directiva, aun cuando tal normativa llegue hasta el extremo de incluir la pérdida de dicho derecho al término del período de devengo de las vacaciones anuales o del período de prórroga, siempre y cuando el trabajador, cuyo derecho a vacaciones anuales retribuidas se haya perdido, haya tenido efectivamente la posibilidad de ejercitar el derecho que le atribuye la Directiva.

... admitir que, en las circunstancias específicas de incapacidad laboral descritas en el apartado anterior, las disposiciones nacionales pertinentes –y, en particular, aquellas que fijan el período de prórroga– puedan prever la extinción del derecho a vacaciones anuales retribuidas que el artículo 7, apartado 1, de la Directiva 2003/88 garantiza al trabajador, sin que éste haya tenido efectivamente la posibilidad de ejercitar el derecho que le reconoce la citada Directiva, supondría la vulneración por tales disposiciones del derecho social que el artículo 7 de la citada Directiva atribuye a todo trabajador.

... De lo que antecede resulta que el artículo 7.1 de la Directiva 2003/88 debe interpretarse en el sentido de que se **opone a disposiciones o prácticas nacionales que prevén que el derecho a vacaciones anuales retribuidas se extingue al finalizar el período de devengo de las vacaciones anuales y/o el período de prórroga fijado por el propio derecho nacional, incluso cuando el trabajador se haya encontrado en situación de baja por enfermedad durante todo el período de devengo y su incapacidad laboral haya perdurado hasta la finalización de su relación laboral, razón por la cual no haya podido ejercitar su derecho a vacaciones anuales retribuidas.**

No ámbito nacional a Sentencia do Tribunal Supremo de 24 de xuño de 2009 en unificación de doutrina, con referencia á anterior Sentencia de 20/01/09 del Tribunal de Xusticia das Comunidades Europeas e ao artigo 7 da Directiva 2003/88 se pronuncia do seguinte xeito: “... conforme a esta constante doctrina del TJCE, los Tribunales nacionales han de interpretar al límite el Derecho interno, al objeto de alcanzar una interpretación que sea acorde con las Directivas y los principios del Derecho Comunitario “Interpretación pro communitate que incluso se llega a predicar respecto de la propia Constitución, puesto que «las normas constitucionales que reconocen los derechos y libertades han de interpretarse de conformidad con la Declaración Universal de Derechos Humanos y los Tratados y

acuerdos internacionales sobre las mismas materias ratificados por España» [art. 10.2 de la Constitución) De lo que se deriva -se ha dicho- la consideración del Derecho Comunitario como canon hermenéutico del bloque de constitucionalidad, muy particularmente cuando el nivel de protección dispensado al ciudadano es superior al proporcionado por la Constitución, a virtud del juego combinado de los arts. 10.2 y 93 CE . Siquiera también se mantenga la conveniencia, todo hay que decirlo, de la interpretación pro constitutione del Tratado...

...no tenemos duda alguna sobre el significado atribuible a los principios que se exponen en diversos apartados de la sentencia Shultz- Hoff [muy significativamente en los numerales 48, 45 y 49]; y que hemos de aplicar tales principios -de indubitado sentido objetivo, entendemos como elemento interpretativo de nuestra propia legislación, que -como más arriba señalamos- no dispone de previsión específica sobre la cuestión litigiosa....para llegar así a una solución que comporta la protección del derecho a vacaciones en términos no inferiores a la otorgada por la Sentencia Shultz-Hoff a los específicos supuestos de que la misma trataba.

... Pero en la solución del caso, desde la óptica de la normativa interna y actuando como obligado elemento interpretativo la Directiva 2003/88/ CE [en la forma en que la ha entendido la STJCE 20/01/09], bien podrían servir las siguientes consideraciones:

a) Si bien el derecho a vacaciones retribuidas está enmarcado en la relación individual de trabajo, debe contemplarse dentro del contexto socio-jurídico del Estado Social y democrático de derecho que nuestra Constitución proclama y garantiza [art. 1], lo que impone una interpretación integradora de la normación ordinaria [art. 38 ET], del derecho constitucional [art. 40.2 CE] y de la normativa de la OIT [art. 10]. El derecho a vacaciones anuales retribuidas, sin ser absoluto en cuanto a las fechas de su ejercicio, forma parte del núcleo irrenunciable de los derechos propios de un Estado social.. Todo ello no quiere decir que tanto el legislador como la Administración no puedan poner límites al disfrute efectivo de las vacaciones, pero sí que la protección constitucional de las vacaciones sólo permite los límites derivados de su propia naturaleza y finalidad o los que aparezcan impuestos por la necesaria protección de un interés constitucionalmente legítimo, y respetuosos con el principio de proporcionalidad»

c)...el pleno disfrute del derecho a las vacaciones únicamente puede conseguirse cuando el trabajador se encuentre en condiciones físicas y mentales de hacer uso del mismo, de forma que no cabe entender que un trabajador en situación de IT pueda disfrutar adecuadamente de las finalidades atribuidas a las vacaciones.

d).- El art. 10 del Convenio 132 OIT claramente alude a la obligada coordinación de los intereses empresariales y de los trabajadores a los efectos de fijar el periodo vacacional, y este mandato obliga -a la luz de la STJCE 28/01/09- a decantarse por la primacía de los intereses de los operarios en los supuestos de que tratamos [IT previa a vacación fijada]; lo contrario comportaría una subordinación del derecho del trabajador ajena a los límites «impuestos por la necesaria protección de un interés constitucionalmente legítimo, y respetuosos con el principio de proporcionalidad».

Do exposto cabe concluir que o funcionario público D. Ricardo Rodríguez Frieiro falecido na data 02/04/2015 devengou o dereito a vacacións retribuídas e non disfrutadas de exercicios anteriores como consecuencia de que estivera en situación de Incapacidade Temporal dende o 08/02/2013 ata o 06/08/2014, data na que causou baixa definitiva no Concello de Vigo. En consecuencia e segundo cuantificou o informe técnico anexo ao expediente, a retribución das vacacións non disfrutadas por D. Ricardo Rodríguez Frieiro, correspondentes aos anos 2013 e 2014 (45 días) ascendería á cantidade de **5.166 euros**.

Solo cabe engadir xa que logo non sería posible estimar a solicitude, que o dereito ás vacacións anuais retribuídas non se extingue coa morte do traballador, senón que xenera un dereito a compensación económica que forma parte do caudal hereditario e que poden

cobrar os seus herdeiros por aplicación do artigo 659 del Código civil o cal establece que "la herencia comprende todos los bienes, derechos y obligaciones que no se extinguen con la muerte de la persona".

IV.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude presentada por D^a Ferreiros Abuín M.M. con DNI nº *****547 R, D. Rodríguez Ferreiros R., con DNI nº *****331 C, D^a Rodríguez Ferreiros N, con DNI nº *****330 L, D^a Rodríguez Ferreiros I., con DNI nº *****990 A, como herdeiros de D. Rodríguez Frieiro R., correspondente ao abono das vacacións devengadas e non disfrutadas por éste último no finiquito de xubilación correspondentes aos anos 2013-2014.

SEGUNDO.- En consecuencia acordar o abono aos solicitantes polo concepto indicado da cantidade de CINCO MIL CENTO SESENTA E SEIS EUROS (**5.166 euros**).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1323).- NOMEAMENTO INTERINO DE DOUS/DÚAS OFICIAIS PAVIMENTADORES, BAIXO A MODALIDADE DO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 32448/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 14/09/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos

Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 12/07/2018, o Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e o segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado de fomento, limpeza e contratación, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de 2 oficiais de pavimentación, por mor da situación existente no Servizo de Vías e Obras e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 09/08/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de 2 oficiais de pavimentación, por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 31/08/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la

conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 243-Oficial pavimentador/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 12/07/2018, do Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e do segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado de fomento, limpeza e contratación, que obran no expediente, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 09/08/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do

Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de organización e planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de 2 oficiais de pavimentación, para o Servizo de Vías e Obras, supón un gasto de **23.832,56 €** (da referida cantidade 14.557,24 € corresponden ao presente exercicios e 9.275,32 € ao vindeiro exercicio 2019); e ao que haberá que engadirse a cantidade de **8.722,50 €** (da referida cantidade 5.327,82 € corresponden ao presente exercicios e 3.394,68 € ao vindeiro exercicio 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no orzamento 2018.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial pavimentador/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Tobío Villar, M.C., con DNI ****774-A e Veloso Costas, J., con DNI ****100-W**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e

Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como oficiais de pavimentación; ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de servizo de vías e obras, que constan no escrito de data 12/07/2018, do Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais e o segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado de fomento, limpeza e contratación; e en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **23.832,56 €** (da referida cantidade 14.557,24 € corresponden ao presente exercicios e 9.275,32 € ao vindeiro exercicio 2019), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, aos **Oficiais pavimentadores Tobío Villar, M.C., con DNI ****774-A e Veloso Costas, J., con DNI ****100-W**, na súa condición de seguintes aspirantes e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 243-Oficial pavimentador/a, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sendo adscrito o Servizo de Vías e Obras, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1324).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DÚAS/DOUS OPERARIOS PEÓNS E CATRO OFICIAIS DE INSTALACIÓNS BAIXO A MODALIDADE DO ARTIGO 10. 1. D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 32805/220.

Visto o informe de fiscalización do 30/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 25/10/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 21/09/2018, o Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade da Concelleiro delegado de Deportes, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de entre outros 4 oficiais de instalacións deportivas e 2 peóns, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 11/10/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de 4 oficiais de instalacións deportivas e 2 peóns, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 22/10/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º**) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que**

una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 615- oficial instalacións deportivas e posto cód. 158- operario/peón), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 21/09/2018, do Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade da Concelleiro delegado de Deportes; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de 4 oficiais de instalacións e 2 peóns, supón un gasto de **71.098,10 €** (23.310,84 € corresponden ao presente exercicio e 47.787,26 € correspondentes ao vindeiro exercicio), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **25.919,38 €** (8.498,16 € corresponden ao presente exercicio e 17.421,22 € correspondentes ao vindeiro exercicio), en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, e operio-peón existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento dos:

. Como Operario-peón: D. Fernández Blanco J.A. con DNI *****833-C e D. Cameselle Abalde G.J., con DNI *****845-M e,

. Como Oficiais de Instalacións municipais: D. Silva Pereira J.L., con DNI *****484-G, D. Elxpuru Pacheco C., con DNI *****457-D, D. Matos Mazorra L.F., con DNI *****848-J e D. González Martínez I., con DNI *****068-T, todo elo, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficial de instalacións e operarios peóns** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Deportes, contidas no escrito do 21/09/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **71.098,10 €** (23.310,84 € corresponden ao presente exercicio e 47.787,26 € correspondentes ao vindeiro exercicio), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Operarios-peóns a D. Fernández Blanco J.A. con DNI *****833-C e D. Cameselle Abalde G.J., con DNI *****845-M e, como Oficiais de Instalacións municipais a D. Silva Pereira J.L., con DNI *****484-G, D. Elxpuru Pacheco C., con DNI *****457-D, D. Matos Mazorra L.F., con DNI *****848-J e D. González Martínez I., con DNI *****068-T, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos

proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 615- oficial instalacións deportivas e posto cód. 158-operario-peón), sendo adscritos/as ao Servizo de Deportes, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Director técnico de Deportes, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1325).- RECLAMACIÓNS AXUDAS SOCIOSANITARIAS 2018 (FAS). EXPTE. 32876/220.

Visto o informe de fiscalización do 31/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 26/10/18, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 30/08/2018, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de concesión de "Axudas sociosanitarias 2018 (FAS)", en base a proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.

Contra ditas axudas presentáronse reclamacións os traballadores cos seguintes números de persoal: 22467; 83576; 60902; 14373; 14663; 78751; 80493; 79382; 13652; 81470; 22740; 79178; 17740; 80278; 83182; 61101; 15929; 78770; 81983; 77042; 76472; 17555; 22970;

17779 de que non se lle outorgou o pago das axudas, sendo estimadas as mesmas, asínsimo os empregados 10582; 22007 e 14829 presentaron reclamacións que foron denegadas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, con data 18 de outubro de 2018, remitíndo a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo ao respecto.

Asímesmo comunican que a reclamación efectuada pola empregada 21479, debe ser aceptada, dado que efectuadas as oportunas comprobacións, asignouse a traballadora 79409 erróneamente a cantidade que lle correspondía, polo que procede a súa corrección.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Lei 6/2018, de 3 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2018.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.

V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.

2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.

3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.

4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.

5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do

mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar as reclamacións presentadas á concesión de axudas sociosanitarias 2017-2018 (Fas), propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 18/10/2018 por un importe total de **7.818,00 €** (sete mil oitocentos dezaioito euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indican co importe que se especifica:

Nº PERSOAL	EUROS
22467	230
83576	160
60902	780
14373	119
14663	308
78751	250
80493	25
79382	460
13652	460
81470	97
22740	780
79178	425
17740	385
80278	550
83182	420

Nº PERSOAL	EUROS
61101	230
15929	460
78770	460
81983	220
77042	460
76472	289
17555	20
22970	140
17779	90
Total	7818

Segundo.- Denegar as reclamacións presentadas polos empregados 10582 por non corresponder a reclamación sendo pagado correctamente; 22007 e 14829 ratificándose a Comisión no acordo tomado na xuntanza de 20/07/2018.

Terceiro.- Que polo Tesourería Municipal, nóminas, se proceda a corrección das cantidade aboada indebidamente ao empregado 79409 correspondente a axudas socio-sanitarias 2018, por importe de 215,00 €, que deberán aboarse ao empregado 21479.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1326).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA RESOLUCIÓN DO 31/10/18 (LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS-EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO DE PRAZAS DA POLICÍA LOCAL). EXPTE. 32904/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 07/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE HECHO

1.- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 192 de 4/10/2018, publícase anuncio que contén a lista provisional de admitidos e excluídos para a provisión de, entre outras, 10

prazas de Policía Local pola quenda libre, contidas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014-2015-2016. O Sr. Fernández Fuente J.O., con DNI nº ****811 Q, foi excluído na citada lista provisional, polos motivos sinalados nos puntos (4) e (5).

(4) Por non estar en posesión dos permisos de conducir C+E solicitados na base IV das específicas no caso de condutor-bombeiro. Por non acreditar mediante copia compulsada estar en posesión dos permisos de conducir A2 e B (Base IV, apartado e) das específicas de policía local.

(5) Por non acreditación de estar en posesión da titulación requirida nas bases da convocatoria, mediante copia compulsada da dita titulación (Base IV, apartado d) das específicas de policía local).

2.- Na data 11/10/2018, o Sr. Fernández Fuente, presenta por rexistro doc nº 180165074, aportando fotocopia compulsada de permiso de condución e certificación da Comisión Interuniversitaria de Galicia na que consta que “o Sr. Fernández Fuente J.O. realizou a proba de acceso á universidade no Sistema Universitario de Galicia”

3.- Por resolución do Concelleiro de Xestión Municipal de data 31/10/2018, o Sr. Fernández Fuente J.O., con DNI nº ****811 Q foi definitivamente excluído polo motivo sinalado no punto (5)

4.- A base IV das Bases específicas da Policía Local establece:

“Condicións dos/as aspirantes. Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, establécense as seguintes:

Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

...

d) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de Bacharelato (LOE), Bacharelato (LOXSE), Bacharelato unificado polivalente (Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), Bacharelato superior (plan 1957), técnico (LOE), técnico (LOXSE), técnico especialista da Lei 14/1970 ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

5.- Na data 02/11/2018 o Sr. Fernández Fuente interpón recurso de reposición contra a Resolución de data 31/10/2018 da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a provisión das 10 prazas de Policía local por quenda libre. (nº doc 180175586)

II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

1.- Constitución española

2.- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

3.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación.

5.- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

6.- Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Lexitimación e prazo.

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación do recorrente posto que, como aspirante do proceso selectivo que se vai desenvolver, é titular de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respectado polo recorrente, en tanto que o 31/10/2018, foi publicada a Resolución que contén a lista definitiva de admitidos e excluídos, agora impugnada, presentando o recurso o día 02/11/2018.

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou argumentum ad iudicium que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Alegacións.

O recorrente interpón recurso alegando en síntese que o título presentado axústase ao punto D) das bases da convocatoria, considerando que “o certificado expedido polo Presidente da Comisión interuniversitaria de Galicia, adscrita a Universidade de Santiago de

Compostela, no que consta tanto a nota de bacharelato como a nota da proba de acceso a universidade de Bacharelato o que me fan posuidor do título de Bacharelato (LOSE), o cal piden nas bases.”

Sobre a base do anterior solicita que se dite resolución que lle admita no proceso selectivo de forma urxente para poder realizar o exame de 4 de novembro. De no ser admitido, solicita a suspensión da execución da resolución impugnada.

III.- Suspensión do procedemento.

En canto a solicitud de suspensión, no ámbito do procedemento administrativo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas parte da executividade dos actos administrativos, “son inmediatamente executivos” (artigo 98). En concreto, cando se interpoña un recurso administrativo o artigo 117 prevé como regra xeneral que “no suspenderá la ejecución del acto impugnado, si bien el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias

- **a)** Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- **b)** Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esa Ley.

A estos efectos se regula un silencio positivo en el artículo 117.3 pues la ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. Por otra parte, si de la suspensión pueden derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.”

No presente caso, o recurso foi presentado o pasado 2 de novembro (venres) e as probas foron realizadas o 4 de novembro, polo que no momento en que nos atopamos, carece de sentido falar de suspensión, toda vez que a proba xa foi realizada.

A pesar do expresado e coa finalidade de dar resposta ao recorrente parece oportuno engadir que o feito de inadmitir a un aspirante nas probas selectivas pode causar un evidente prexuízo ao candidato, dificultando en caso de recurso xudicial, a posterior execución do fallo, xa que logo non é posible volver a un momento anterior no tempo para repetir a proba en igualdade de condicións. Agora ben, fronte a ese concreto prexuízo temos que as consecuencias que implicarían a suspensión dun proceso selectivo masivo como é o caso, irrogaría prexuízos importantes ao interese xeral, que se poñen de manifesto na necesidade de cobertura das prazas vacantes das que se presume súa necesidade, e por outro lado se o prexuízo a todos esos terceiros candidatos que sen maior culpa se ven abocados a unha longa espera. En este sentido invocamos a STS **13 marzo 2009**: “En definitiva, sin que tenga que ser excepcional o extraordinaria la adopción de medidas cautelares como la tomada en los casos en que se soliciten, no es irrazonable, en supuestos de este tipo, dar preferencia a los intereses públicos vinculados a la realización de las pruebas correspondientes pues, de otro modo, se impedirá la provisión de las plazas, se perjudicará la actuación administrativa y se desatenderán los intereses de quienes hayan concurrido a la convocatoria.”

IV.- Acceso ao emprego público e as Bases da convocatoria.

En canto ao fondo do asunto, imos de partir das seguintes consideracións.

O apartado 2 do artigo 23 da Constitución española establece que os cidadáns “tienen derecho a acceder en condiciones de igualdad a las funciones y cargos públicos, con los requisitos que señalen las leyes. Pola súa banda o apartado 3 do artigo 103 da CE sinala, que “la ley regulará el estatuto de los funcionarios públicos, el acceso a la función pública de acuerdo con los principios de mérito y capacidad, las peculiaridades del ejercicio de su derecho a sindicación, el sistema de incompatibilidades y las garantías para la imparcialidad en el ejercicio de sus funciones”.

O artigo 1.2. b) do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, determina que “este Estatuto refleja, del mismo modo, los siguientes fundamentos de actuación(...): “Igualdad, mérito y capacidad en el acceso y en la promoción profesional”.

Así, polo que se refire ao acceso ao emprego público, o texto aborda as seguintes cuestións de interese:

Principios reitores no acceso á función pública

Artigo 55 “todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico. Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2, Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de octubre seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:

- Publicidad de las convocatorias y de sus bases.
- Transparencia.
- Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.
- Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.
- Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.
- Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección.

Os requisitos necesarios para poder participar nos procesos selectivos no acceso á función pública, son os que se atopan numerados no artigo 56 do citado corpo legal e son:

- “Tener la nacionalidad española, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo siguiente.
- Poseer la capacidad funcional para el desempeño de las tareas.
- Tener cumplidos dieciséis años y no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa. Sólo por ley podrá establecerse otra edad máxima, distinta de la edad de jubilación forzosa, para el acceso al empleo público.
- No haber sido separado mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las Administraciones Públicas o de los órganos constitucionales o estatutarios de las Comunidades Autónomas, ni hallarse en inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial, para el acceso al cuerpo o escala de funcionario, o para ejercer funciones similares a las que desempeñaban en el caso del personal laboral, en el que hubiese sido separado o inhabilitado. En el caso de ser nacional de otro Estado, no hallarse inhabilitado o en situación equivalente ni

haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su Estado, en los mismos términos el acceso al empleo público.

- **Poseer la titulación exigida.**

Por último o art. 135.c) TRRL dispón que, “para ser admitido a cualquier prueba para el acceso a la Función Pública local será necesario estar en posesión del título exigible, o en condiciones de obtenerlo en la fecha de terminación de presentación de instancias, en cada caso.”

Con respecto á titulación, estamos ante una exixencia directamente vinculada á ordenación dos recursos humanos das Administracións Públicas en sectores profesionais que presentan como denominador común, precisamente, a titulación demandada para seu acceso a eles. En este sentido, o artigo 76 do TREBEP clasifica os corpos e escalas funcionariais en diferentes grupos, de acordo coa titulación exixida para o acceso aos mesmos.

No que respecta ás Bases da convocatoria son as que deben dotar de contido cada un dos principios do acceso ao emprego público. Son actos administrativos xerais e constitúen o marco regulador de cada procedemento selectivo. Foron calificadas pola xurisprudencia como a “lei” do procedemento selectivo e vinculan á administración, a os órganos calificadoros e a os participantes.

En este punto traemos a colación as palabras de JR Chaves¹:

“La convocatoria es un acto administrativo pues plasma la voluntad de la administración, pero no es una voluntad interna sino que tiene que proyección hacia el exterior pues encierra un llamamiento a los posibles interesados para que desarrollen una actividad formal (solicitudes), una actividad personal (esfuerzo y energías) y una actividad material (sometimiento a pruebas y valoraciones) bajo unos principios constitucionales inesquivables (mérito y capacidad, igualdad, imparcialidad).

Así, la convocatoria está llamada a fijar las “reglas del juego”, las cuales no podrán desconocerse ni por la administración ni por los participantes. El grupo normativo del acceso al empleo público se cuida de recordar esa fuerza cualificada de la convocatoria; por ejemplo el artículo 15.4 y 5 del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento general de Ingreso del Personal al servicio de la Administración General del Estado y de provisión de puestos de trabajo y promoción profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado establece “4. Las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones Permanentes de Selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas. 5. Las convocatorias o sus bases, una vez publicadas, solamente podrán ser modificadas con sujeción estricta a las normas de la Ley de Régimen Jurídico de las administraciones públicas y del Procedimiento Administrativo Común.” Y tanto la doctrina académica como la jurisprudencia realzan la fuerza de la convocatoria, calificándola metafóricamente como “ley del concurso” (caso de la STS de 20 de Julio de 2015, rec. 2060/20149. O la explícita consagración del principio de la convocatoria como ley vinculante para la Administración y las partes: “entre los elementos normativos están las bases de la convocatoria, cuyo carácter vinculante para el tribunal calificador como verdadera “ley del procedimiento selectivo” también la jurisprudencia ha declarado con reiteración, y están también los principios legalmente establecidos para el acceso a la función pública, de manera muy especial los que estén directamente vinculados a postulados constitucionales”. (STS de 16

1 Vademécum de oposiciones y concursos José Ramón Chaves

de Diciembre de 2015 (rec.2803/2014) y, como consecuencia de esa vinculación, hay sujetos obligados, pues “las bases de la convocatoria vinculan a todos los intervinientes, tanto a la Administración y a sus órganos calificadores como a los aspirantes, y son la “ley del concurso”. (STS del 18 de febrero de 2015, rec. 3464/2013)”

V.- Aplicación ao caso concreto.Tendo en conta as consideracións anteriores, temos que na Base IV das Bases específicas da Policía Local, establece: Condicións dos/as aspirantes. Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, establécense as seguintes:

Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

...

d) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de Bacharelato (LOE), Bacharelato (LOXSE), Bacharelato unificado polivalente (Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), Bacharelato superior (plan 1957), técnico (LOE), técnico (LOXSE), técnico especialista da Lei 14/1970 ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

O artigo 4 da Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece no apartado 3 “La superación de la prueba de acceso a la universidad para mayores de veinticinco años, será equivalente al título de Bachiller, a los únicos efectos de acceso a empleos públicos y privados, siempre que se acredite alguno de los siguientes requisitos, o bien estar en posesión del título Graduado en Educación Secundaria Obligatoria o equivalente a efectos profesionales, o bien haber superado al menos 15 créditos ECTS de los estudios universitarios.”

O recorrente presenta unicamente unha certificación na que consta literalmente “Proba de acceso á universidade de bacharelato da Lei orgánica 2/2016, do 3 de maio, de Educación:

Ano: 2012 Convocatoria: ordinaria Cualificación do expediente 6,11 Cualificación fase xeral 5,050

Cualificación proba de acceso á universidade 5,686 Materia modalidade fase xeral: Química. Entendo que a documentación presentada non reúne os requisitos establecidos na Base IV. En ela se establece claramente que é preciso para poder participar no proceso selectivo que se acredite que se está en posesión da titulación esixida. Non consta nin o título de Bacharelato nin a superación da proba de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño. Non é certa a alegación do Sr. Fernández de que no certificado expedido polo Presidente da Comisión interuniversitaria de Galicia, adscrita a Universidade de Santiago de Compostela,

consta a nota de bacharelato. Da documentación presentada, non é posible concluír que o recorrente está en posesión da titulación exixida, razón pola que foi excluído da lista de admitidos.

Concluíndo, en materia de acceso ao emprego público, razóns de interese xeral exixen un cumprimento estrito da normativa vixente, normativa que establece uns requisitos necesarios para poder participar nos procesos selectivos, e que están numerados no artigo 56 anteriormente transcrito. Entre os citados requisitos se inclúe a necesidade de posuír a titulación exixida, e neste caso o recorrente non tivo acreditado que reúne a mesma nas condicións establecidas na Bse IV.

Atendendo aos fundamentos xurídicos anteriores, e visto o Recurso interposto e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, a petición de suspensión do acto impugnado, solicitada polo Sr. Fernández Fuente J.O.(nº doc 180175586)

Segundo.- Desestimar de conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, o recurso de reposición, interposto polo Sr. Fernández Fuente J.O. (nº doc 180175586)

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1327).- SOLICITUDE COMPLEMENTARIA Á REALIZADA CON DATA 10/08/2018 SOBRE A PRÓRROGA AUTOMÁTICA TRAS CUMPLIR A IDADE DE XUBILACIÓN. EXPTE. 32916/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 09/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 05/11/2018 a Sra. Pérez González C., con DNI *****610 solicita permanecer activa nas listas de reserva nas que figura, (auxiliar de administración xeral, administrativo/a, e técnico/a de xestión) (nº doc 180176771).

II.- A Sra. Pérez González C. cumpriu os 65 anos de idade o día 31/03/2018.

III.- A Sra. Pérez González C., foi nomeada como funcionaria interina por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) TREBEP) nas seguintes condicións:

- data de inicio da relación: 15/05/2018.
- Data fin da relación: 14/11/2018.
- praza: Técnico de Xestión, Subgrupo A2

IV.- Por Resolución do Concelleiro de Xestión Municipal de data 20/09/2018, se resolveu “Autorizar a prórroga no servizo activo da empregada municipal interina por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) TREBEP), Sra. Pérez González, con nº de persoal 82887, técnica de xestión, adscrita ao posto da mesma denominación no Servizo de Animación Sociocultural ata a finalización da súa relación laboral 14/11/2018, nos termos da solicitude formulada polo interesado e de conformidade cos fundamentos xurídicos expresados.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou argumentum ad iudicium que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a sensu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II.- Os funcionarios interinos, nomeamento e cese.

O funcionario interino é unha das modalidades de empregados públicos que se caracteriza polo carácter temporal e público do seu vínculo coa Administración.

O lexislador regulou o réxime xurídico da interinidade establecendo que os nomeamentos interinos unicamente están xustificadas en casos excepcionais de indubidable e estricte necesidade, nos que resulte inaprazable a cobertura dun posto, e que os mesmos solo se poden realizar por un tempo determinado, que será o imprescindible para que as prazas correspondentes podan cubrirse por funcionarios de carreira.

Así o artigo 10.1 do TREBEP prevé catro supostos tasados para o nomeamento dos funcionarios interinos.

“a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.

b) La sustitución transitoria de los titulares.

c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.

d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses.”

Así mismo también las causas do cese están determinadas e sometidas necesariamente ao réxime xurídico específico previsto no artigo 10.1 do TREBEP, o que limita as potestades autoorganizativas da Administración nos nomeamentos. Como regra xeral, o cese ten que producirse cando finalice a causa que motivó o nomeamento e, no seu caso, cando se produce algún dos supostos tasados que motivan a extinción do vínculo que une aos funcionarios de carreira coa Administración.

Así o artigo 10.3 do TREBEP “El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento”

O artigo 63 establece como unha das causas de pérdida da condición de funcionario de carreira a xubilación total do funcionario (apartado c). Pola súa banda a xubilación dos funcionarios ben regulada no artigo 67 do mesmo corpo legal, o cal determina:

“1. La jubilación de los funcionarios podrá ser:

a) Voluntaria, a solicitud del funcionario.

b) Forzosa, al cumplir la edad legalmente establecida.

c) Por la declaración de incapacidad permanente para el ejercicio de las funciones propias de su cuerpo o escala, o por el reconocimiento de una pensión de incapacidad permanente absoluta o, incapacidad permanente total en relación con el ejercicio de las funciones de su cuerpo o escala.

2. Procederá la jubilación voluntaria, a solicitud del interesado, siempre que el funcionario reúna los requisitos y condiciones establecidos en el Régimen de Seguridad Social que le sea aplicable.

3. La jubilación forzosa se declarará de oficio al cumplir el funcionario los sesenta y cinco años de edad.

No obstante, en los términos de las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto, se podrá solicitar la prolongación de la permanencia en el servicio activo como máximo hasta que se cumpla setenta años de edad. La Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada la aceptación o denegación de la prolongación.

De lo dispuesto en los dos párrafos anteriores quedarán excluidos los funcionarios que tengan normas estatales específicas de jubilación.

4. Con independencia de la edad legal de jubilación forzosa establecida en el apartado 3, la edad de la jubilación forzosa del personal funcionario incluido en el Régimen General de la Seguridad Social será, en todo caso, la que prevean las normas reguladoras de dicho régimen para el acceso a la pensión de jubilación en su modalidad contributiva sin coeficiente reductor por razón de la edad.

Pola súa banda os requisitos xerais de acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo, ven regulados no Capítulo I do Título IV do TREBEP, entre os que se atopa “no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa, para el acceso al empleo público” (artigo 56.1 c)

III.- Os funcionarios interinos e a xurisprudencia.

Certamente a figura do funcionario interino sufriu un cambio importante na súa regulación a partir do Acordo marco sobre o traballo de duración determinada. A cláusula 4 do citado Acordo, regula o principio de igualdade de trato, segundo o cal as condicións de traballo dos funcionarios interinos e do persoal eventual serán as mesmas que as dun funcionario de

carreira comparable en cada caso, salvo que existan razóns obxectivas que xustifiquen un trato distinto.

Este principio foi recollido tamén expresamente polo Tribunal Constitucional 104/2004, de 28 de xuño, STC 232/2015, de 5 de novembro e a a STC 71/2016, de 14 de abril. Segundo esta doutrina constitucional, si ben a duración do contrato non é un factor desdeñable á hora de establecer certas diferencias entre funcionarios interinos e de carreira, as diferencias deben ter seu orixe en datos obxectivos relacionados coa prestación do traballo ou o seu réxime xurídico que as expliquen razoablemente.

A partir de ahí, a xurisprudencia foi ampliando notablemente o ámbito dos dereitos dos funcionarios interinos, especialmente os dereitos retributivos e de carreira profesional. Así dentro do concepto xurídico de condicións de traballo, no sentido da cláusula 4.1, do Acordo marco, foron incluídos algúns dereitos relacionados coa carreira administrativa, a mobilidade, as retribucións, trienios (actualmente recoñecido para os funcionarios interinos no artigo 25.2 do TREBEP), ...

Agora ben, o carácter temporal dos nomeamentos, ven sendo reiterado na xurisprudencia, así, a título de exemplo, a STSJ de Cataluña de 2 de abril de 2014, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, "Es bien sabido como la interinidad es un sistema excepcional de provisión de puestos de trabajo que se lleva a cabo de forma no permanente y en atención a razones de urgencia. La interinidad no supone nunca permanencia, sino provisionalidad o temporalidad en el desempeño de una determinada función, en atención a las circunstancias objetivas que pueden concurrir y siendo precisa su provisión, la Administración Pública acude a la interinidad hasta que se cubra la plaza por el procedimiento de provisión que corresponda y por funcionario de carrera. La situación de interinidad, provisional por su propia naturaleza, puede cesar en cualquier momento, sin que existan garantías ni compromiso alguno por parte de la Administración Pública de su prolongación en el tiempo". No mesmo senso "los rasgos característicos de esta clase de personal son: la provisionalidad o transitoriedad de la relación de servicio pues se trata de cubrir una necesidad transitoria de la Administración; y que los puestos de trabajo a desempeñar son los propios del funcionario, por lo que no pueden cubrirse mediante contratos temporales. El funcionario interino participa de manera temporal en la Función Pública, pero no se incorpora de manera definitiva a la misma. Estos funcionarios interinos no participan de la seguridad en el empleo." (STSJ de Cataluña de 2/07/2013, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 4ª).

IV.- Criterios de xestión das listas de reserva no Concello de Vigo.

Os criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo (Expte: 26797-220), establece no punto I que: "As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron, sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).

Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das

Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.”

Pola súa banda o punto III dedicado ao funcionamento da lista de reserva dispón “As persoas integrantes das lista de reserva deberán reunir os requisitos legais e os termos e condicións establecidos nos presentes criterios para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, sendo ésta orde de incoación a referencia temporal ao efecto, rexéndose polo establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro.”

V.- Aplicación ao caso concreto.

A Sra. Pérez Gónzález presenta escrito no que consta literalmente “solitud complementaria de la realizada en fecha 10 de agosto de 2018 sobre el mandato imperativo de la prórroga automática tras cumplir la edad de jubilación a fin de optar a las bolsas de empleo temporal por ser equiparable la candidatura a las bolsas de empleo como funcionaria interina a la situación de servicio activo de conformidad a la jurisprudencia del tribunal europeo...”

Do exposto no fundamento xurídico III de este informe xa cabe concluír que de ningún xeito cabe falar de prórroga automática, nin da equiparación que pretende a solicitante. A xurisprudencia europea alegada non é de aplicación ao caso que nos ocupa, e elo se deduce xa da propia solicitude, que reproducindo parte da xurisprudencia europea existente non fala en ningún momento da permanencia no servizo activo, se non, de condicións de traballo, tales como dereitos retributivos, carreira profesional, recoñecemento antigüidade,...

Neste punto traemos a colación a Sentencia do Tribunal Superior de Galicia de data 20/04/2015 (rec 61/2005), “Debe destacarse que uno de los supuestos en que no es aplicable a los funcionarios de empleo el régimen jurídico de los funcionarios de carrera es el relativo al derecho a la permanencia en la función, que lógicamente comprende el derecho a la prolongación en el servicio activo, pues este derecho es incompatible con el carácter transitorio del personal interino, el cual ha de cesar - cuando la plaza que ocupa sea cubierta por un funcionario de carrera. Por tanto, si con antelación se accediese a la petición de prolongación en servicio activo de quien es personal interino sería tanto como reconocerle una vinculación permanente, porque **el servicio activo implica el desempeño de un puesto de trabajo o la ocupación de una plaza** (artículo 3.1.a del RD 365/1995 y 3.1.a del Decreto autonómico 92/1991) y la Administración no puede asumir el compromiso de que el solicitante desempeñará un puesto u ocupará una plaza hasta los 70 años, dada su condición de personal interino. El mismo condicionamiento que se establece en la parte dispositiva de la sentencia de primera instancia revela esa imposibilidad de compromiso futuro. Por lo demás, el servicio activo es una de las situaciones administrativas recogidas en el artículo 2 del RD 365/1995 y 2 del Decreto autonómico 92/1991, de 20 de marzo, y precisamente la prolongación voluntaria en dicha situación hasta los 70 años es lo que permite el artículo 33.2 de la Ley 30/1984 (habla expresamente el art. 33.2 de la prolongación en esa "situación") y lo que solicita la actora en su escrito de 16 de julio de 2004 (folio 10 del expediente); sin embargo, los funcionarios interinos no disfrutan de dichas situaciones administrativas, las cuales constituyen auténticos derechos subjetivos ex lege tan sólo predicables respecto del funcionario de carrera, en tanto que el interino, cuando no pueda permanecer desempeñando el puesto en servicio activo, no podrá optar por pasar a otra situación administrativa sino que debe cesar en el desempeño. De hecho, la Ley de 1964 regula las situaciones administrativas en el título III, rubricado "funcionarios de carrera", en tanto que a los funcionarios de empleo les dedica el título IV.” Ante a claridade das palabras do noso Tribunal Superior, non temos nada que engadir

VI.- Conclusións.

Do exposto, e polo que aquí respecta, cabe concluír que:

. Os funcionarios interinos carecen de vinculación permanente e, en consecuencia a xurisprudencia ven considerando que non poden ser equiparados aos funcionarios de carreira.

. Aos funcionarios interinos lles será aplicable por analogía e polo principio de igualdade de trato, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira. Pero, tendo en conta a natureza da condición dos funcionarios interinos, e o que os caracteriza é precisamente a provisionalidade ou transitoriedade da relación de servizo.

. O dereito á permanencia na función, comprende o dereito á prolongación no servizo activo, e este dereito é incompatible co carácter transitorio do persoal interino. A permanencia no servizo activo implica necesariamente o desempeño dun posto de traballo ou a ocupación dunha praza.

. Os requisitos xerais de acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo, ven regulados no Capítulo I do Título IV do TREBEP, entre os que se atopa “no exceder, en su caso, de la edad máxima de jubilación forzosa, para el acceso al empleo público” (artigo 56.1 c).

. De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do concello de Vigo, as persoas integrantes das listas de reserva deben cumprir os requisitos legais para poder ser nomeados, no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación de expediente administrativo.

. Non cumpre os requisitos legais para poder ser nomeadas, as persoas que exceden da idade máxima de xubilación forzosa.

VII.- Réxime competencial e proposta de acordo.

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude presentada na data 05/11/2018 pola Sra. Pérez González C. (nº doc. 180176771).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á solicitante, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación, así como ao persoal administrativo encargado da verificación das listaxes de reserva aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1328).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO (SPA) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE: 327/2202.

Visto o informe xurídico de data 29/10/18, e o informe de fiscalización do 08/11/18, dáse conta do informe-proposta do 06/11/18, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, Isabel Cabeza Pereiro e Aránzazu González Soengas, técnicas de Prevención de Riscos Laborais do Servizo¹ Propio de Prevención de Riscos Laborais do concello de Vigo (en adiante SPPRL-CV), coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación emiten informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na contratación dun Servizo de Prevención Alleo para a prestación da formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, en cumprimento da obriga de formación dos traballadores nesta materia imposta polo artigo 19 da Lei 31/95, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

2.- Con data 23/08/2018 o Concelleiro delegado da área de Xestión Municipal e Persoal resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo consistente na impartición da formación teórico práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo.

3.- Con data 09/10/2018, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares polas técnicas de prevención de riscos laborais do SPPRL-CV, conformado pola xefa da área de RRHH e Formación.

1 *Integrado na Área de RRHH e Formación, constituído por Decreto de Alcaldía de data 27 de febreiro de 2004, en cumprimento do establecido no art. 31.- Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, art.14.- Real Decreto 39/97, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos servizos de Prevención e seguindo a organización da xestión da prevención de riscos laborais establecida no Plan de Prevención do Concello de Vigo (aprobado en sesión plenaria de data 29 de novembro de 2010).*

4.- Con data de 09/10/2018, as técnicas de prevención de riscos laborais Isabel Cabeza Pereiro e Aránzazu González Soengas asinan a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e polo Concelleiro delegado da área de Xestión Municipal e Persoal.

5.- Con posterioridade se redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10/10/2018.

6.- O orzamento base de licitación que ascende a 20.000 € (exento de IVE), que podería imputarse á aplicación presupostaria 9201.227.99.00 "Asistencias Técnicas Plan Riscos Laborais e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da área de RRHH e Formación para o vixente exercicio económico", que se distribúen:

Anualidades (exento de IVE)

- 2018 – 3.333,33 euros
- 2019 – 16.666,67 euros

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- De conformidade co artigo 19 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais o Concello de Vigo debe garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva.

2.- O expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación de acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP); no Concello de Vigo esta competencia atópase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015).

3.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP as técnicas de Prevención de Riscos Laborais, coa conformidade da xefa da área de RRHH e Formación asinaron o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo consistente na impartición da formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo por parte dun Servizo de Prevención Alleo.

4.- En cumprimento do establecido nos artigos 116.4 e 116.3 da LCSP consta a memoria xustificativa asinada polas técnicas de PRL e conformada pola xefa da área de RRHH e Formación e o Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal e Persoal, e o prego de prescricións técnicas particulares asinado polas técnicas de PRL e conformado pola xefa da área de RRHH e Formación e o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

5.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

O contrato adxudicárase por procedemento aberto mediante pluralidade de criterios de adxudicación, en aplicación dos artigos 131.2, 145, y 156.1 de la LCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos en dito texto legal. A tramitación do procedemento é a ordinaria conforme ao artigo 156 da LCSP.

6.- Ao expediente incorporárase o informe favorable da Asesoría Xurídica e o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente para a súa aprobación o expediente.

7.- A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada, aprobará o expediente de contratación, disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo por parte dun Servizo de Prevención Alleo (expediente 327/2202), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 09/10/2018 asinado polas Técnicas de Prevención de Riscos Laborais e conformado pola xefa de área de RRHH e Formación e o prego de prescricións administrativas particulares de data 10/10/2018, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 20.000 € (exento de IVE) con cargo á aplicación presupostaria 9201.227.99.00 "Asistencias Técnicas Plan Riscos Laborais e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da área de RRHH e Formación para o vixente exercicio económico".

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1329).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO PARA A OBRA DE "MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AVDA. RAMÓN NIETO MARXE IMPAR DENDE O NÚMERO 245 ATA A RÚA SUBRIDE". EXPTE. 5035/440.

Visto o informe de fiscalización do 23/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 18/10/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe de Servizos Xurídicos-Área de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros

investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 15 de novembro de 2017 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emitiron informe sobre a necesidade de iniciar a actuación de mellora da rede de abastecemento na Av. Ramón Nieto marxe impar dende o número 245 ata a rúa Subride; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 17 de novembro de 2017, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Mellora da rede de abastecemento na Av. Ramón Nieto, marxe impar, dende o número 245 ata a Rúa Subride”.

IV.- Con data 4 de outubro de 2018, Aqualia-FCC Vigo UTE presentou o proxecto técnico das obras de “Mellora da rede de abastecemento na Av. Ramón Nieto, marxe impar, dende o número 245 ata a Rúa Subride”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo, colexiado nº 711, cun presuposto de douscentos noventa e nove mil vintedous euros con setenta e dous céntimos (299.022,72 euros) IVE excluído e un prazo de execución de TRES MESES (3). O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

V.- Con esta mesma data a Concesionaria presentou o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 12.551,41 euros, IVE excluído, que foron informados favorablemente, en data 8 de outubro de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

VI.- As actuacións obxecto do proxecto consisten en executar unha nova tubaxe de abastecemento de fundición DN 200 en substitución da actual e tramos de conexión transversal e renovación de acometidas. A instalación das novas canalizacións implica a demolición do pavimento, excavación e recheo da gabia e posterior reposición do pavimento.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, con data 8 de outubro de 2018, informa favorablemente ao proxecto

presentado xa que segundo o seu detalle, o mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanquidade da obra. Este informe ten carácter facultativo posto que de conformidade co artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, soamente é preceptivo o informe cando o orzamento das obras supera os 500.000 euros

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación do proxecto de obras ao que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

Segunda.- Habida conta do orzamento das obras relativas á mellora da rede de abastecemento na Av. Ramón Nieto marxe impar dende o número 245 ata a rúa Subride e a súa natureza, non resulta preceptivo o informe de supervisión de proxectos (artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público) e cabe a simplificación da documentación, de acordo co disposto no artigo 233 da Lei 9/2017 e no artigo 126 do Regulamento da Lei de Contratos, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

Terceira.- O proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal de data 8 de outubro de 2018 responde aos obxectivos propostos. Polo demais, segundo se especifica no informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013 e os custos asociados á actuación observan as porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013.

Cuarta.- A aprobación do proxecto, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico para a execución das obras de “**MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NA AV. RAMÓN NIETO, MARXE IMPAR, DENDE O NÚMERO 245 ATA A RÚA SUBRIDE**”, por un importe total de 299.022,72 euros (IVE excluído) e un prazo de execución de tres meses con cargo aos compromisos de investimentos asumidos por Aqualia FCC-Vigo UTE na cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011, de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada ao seu favor.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 12.551,41 euros con exclusión do IVE, segundo o seguinte detalle:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	5.025,59 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	5.025,59 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	1.256,40 €
	SUMA	11.307,58 €

	11% Gastos de Xestión	1.243,83 €
	TOTAL (IVE excluído)	12.551,41 €

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente. Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1330).- ROGOS E PREGUNTAS.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez